**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 11 de outubro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
Mª José Caride Estévez
Dª. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
Dª. Mª. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta minutos do día once de outubro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Regades Fernández (Resolución do 10/10/17) por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1051).- ACTA ANTERIOR**. Apróbase a acta da sesión acta da sesión ordinaria do 28 de setembro e extraordinaria e urxente do 29 de setembro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(1052).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN "ESPAÑA CON ACNUR"(COMITÉ ESPAÑOL DO ALTO COMISIONADO DAS NACIÓNS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS)- PROXECTO "ACCESO A NECESIDADES BÁSICAS ESENCIAIS PARA A POBOACIÓN DESPRAZADA INTERNA EN IRAK". EXPTE. 146614/301.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 2/10/17, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. O 07.09.2017 remitiuse pola responsable de “Dirección e apoio institucional” da Alcaldía á Xefatura de Área de Benestar social escrito acompañado da Memoria xustificativa do proxecto de ACNUR (“Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados”): *“ACCESO A NECESIDADES BÁSICAS ESENCIAIS PARA A POBOACIÓN DESPRAZADA INTERNA EN IRAK”.*

I.2. En data 13.09.2017 (Código solicitude W243874-2977; Doc. nº 170125705) o/a representante da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) presentou no Rexistro electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dese proxecto humanitario en Irak, consistente na distribución de artigos básicos esenciais (non alimentarios) en dúas das zonas afectadas polo conflito entre o goberno iraquí e o grupo “Estado Islámico de Irak e o Levante” (EIIL), como son as gubernaturas de Salah al Din e Kirkuk.

Achegouse tamén a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa SS.SS., estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 26.09.2017, a Concelleira delegada da Área de Política Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución de subvención a favor da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para a execución dese proxecto.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados, Xenebra (Suíza) 1951.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomia local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.749/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- Orde do «Ministerio de Economía y Hacienda» EHA/875/2007, do 29 de marzo, pola que se determina o contido e especificacións técnicas da información a subministrar á Base de Datos Nacional de Subvencións regulada no RD.887/2006.
- Resolucións da IGAE do 04.12.2015 (proceso de migración á nova BDNS), 07.12.2015 (rexistro e acreditación de órganos e usuarios da nova BDNS), 09.12.2015 (contido e periodicidade da información a subministrar) e 10.12.2015 (proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións); BOE nº 299, do 15.12.2015, ditadas ó abeiro do Art. 20.10 da LXS.
- Orde da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, do 16.07.2009, reguladora do sistema, formatos e especificacións dos medios establecidos para a obtención de datos polo módulo Subvencións, para a formación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, e para a remisión de información á BDNS.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Segundo se indica na Memoria presentada, o "Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados" (ACNUR/UNHCR) brinda protección e asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas no mundo. ACNUR foi creado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e comezou a traballar en 1951. Desde a súa creación ten proporcionado asistencia a millóns de persoas refuxiadas e desprazadas en todo o mundo, o que lle valeu o recoñecemento de dous Premios Nobel da Paz, en 1954 e 1981, e o Premio Príncipe de Asturias en 1991.

As últimas estatísticas dispoñibles reflicten que 65,3 millóns de persoas refuxiadas tiveron que fuxir da violencia, das que 49,7 millóns foron asistidas por ACNUR (12,3 millóns son refuxiadas e 37,4 millóns desprazadas internas).

ACNUR basea o seu mandato na Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados de 1951, que ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo dos dereitos humanos das persoas refuxiadas e a non repatriación contra a súa vontade a un país onde sufran persecución. O Alto Comisionado axúdalles a repatriarse ó seu país de orixe cando as condicións así o permitan, a integrarse nos países de asilo ou a reasentarse en terceiros países.

III.2. ACNUR traballa en Irak desde o ano 2006 coa poboación desprazada e desde os anos 80 con poboación refuxiada, colaborando con ONG locais. Conta alí con 427 persoas (293 nacionais) traballando no programa de Irak, repartidas en 6 oficinas.

Un dos obxectivos estratéxicos globais definidos por ACNUR en 2017 para Irak é o de asegurar o acceso a artigos básicos esenciais para a poboación refuxiada, solicitantes de asilo e poboación desprazada interna.

III.3. Os/as beneficiarios/as directos do proxecto *"ACCESO A NECESIDADES BÁSICAS ESENCIAIS PARA A POBOACIÓN DESPRAZADA INTERNA EN IRAK"* serían unhas 4.800 persoas desprazadas (800 familias iraquíes) en situación de extrema vulnerabilidade e ás que se pretende garantir o acceso a artigos de primeira necesidade (non alimentarios) e supervivencia ata que poidan regresar ás súas zonas de orixe destruídas polo conflito bélico.

III.4. O material a distribuír por ACNUR entre esa poboación desprazada sería o seguinte:

- 800 lonas plásticas
- 800 kits de cociña
- 800 bidóns de 10 litros
- 800 kits de hixiene
- 4.800 esterillas sintéticas
- 4.800 mantas térmicas
- 800 estufas
- 800 bidóns de keroseno.

III.5. Segundo se reflicte no orzamento presentado, o custo total deste proxecto humanitario estímase en 187.307,87€, dos que o Concello de Vigo achegaría 30.000 € (o 16,02%). O resto sería financiado por outras entidades públicas (20.000€) e pola propia ACNUR e os seus doantes internacionais (137.307,87€).

III.6. Os orzamentos do Concello de Vigo non prevén a referida subvención con carácter nominativo. Con todo, a posibilidade da súa concesión directa, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que dificulten a súa convocatoria pública está expresamente prevista nos Arts. 22.2.c) da LXS, 19.4.c) da LSG e 67 do RD.887/2006 e, no mesmo sentido, na Base nº 38, Apdo. 4.2, das de execución dos orzamentos municipais.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas na L.3/2003, do 19 de xuño, que inclúe entre os obxectivos desa cooperación a atención ás situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas que precisen da cooperación externa, tanto mediante axuda humanitaria como mediante accións dirixidas á reconstrucción e ó restablecemento institucional.

III.7. No presente caso xustificaríanse tanto a excepción dos principios xerais de publicidade e concorrencia que deben rexer esta materia como o interese público, social e humanitario do proxecto presentado por ACNUR (motivacións necesarias para utilizar o procedemento de concesión directa ex artigo 19.4 LSG), sendo posible financiar o gasto que representa con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (*"Axuda o tercer mundo"*).

A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.8. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de *"cooperación para o desenvolvemento"*, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).

- A L.3/2003, do 19 de xuño, de Galicia, de Cooperación para o desenvolvemento, recoñece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como *"axentes da cooperación internacional para o desenvolvemento"* (Art. 23.1.a]).

- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, *«as entidades que integran a Administración Local»* e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomia local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.9. O proxecto presentado ó Concello de Vigo pola Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) estaría en coherencia tanto coas políticas de acción humanitaria da *“Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo”* (AECID), dependente do *Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación* («Estrategia de contexto 2016 – 2017 Siria e Irak») como coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega («III Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017»).

Así, na «Estrategia de contexto 2016 – 2017 Siria e Irak»; documento no que se recoñece a cualidade de ACNUR como socio multilateral e aliado estratéxico da OAH (*“Oficina de Acción Humanitaria”*) da AECID, indícase que:

*«...ACNUR, como agencia responsable de garantizar los derechos y el bienestar de los refugiados se sitúa con su programa de transferencia de efectivo multiusos no condicionado a personas refugiadas vulnerables, como un socio estratégico para dar cumplimiento al OE4 de explorar y fomentar la asistencia humanitaria a través de modalidades de efectivo que permita cubrir necesidades básicas como alimentos, medicamentos y cobijo».*

As principais necesidades humanitarias de Irak son identificadas nesa «Estrategia de contexto 2016 – 2017 Siria e Irak» do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| **PROTECCIÓN** | 8,6 millones de personas con necesidades de protección[34]. Las partes en el conflicto están cometiendo violaciones generalizadas de DDHH y DIH, en especial en el norte y centro del país, entre las que se incluyen ejecuciones, incluidas las de menores, raptos, tortura, detenciones arbitrarias, tráfico de seres humanos y violaciones. Las minorías étnicas y religiosas son particularmente perseguidas; sus ciudades, patrimonio cultural, lugares de culto, propiedades y formas de vida destruidos. La población en zonas de combate está directamente afectada por la violencia y restricciones de movimiento, que les impiden el acceso a servicios y bienes básicos. Es prioritaria la protección a la población árabe suní de las provincias bajo control de Daesh, tanto en sus comunidades como en su condición de desplazados. Además, tanto la población rural como la que vive en comunidades de acogida necesita protección en relación a sus condiciones de vida, de seguridad y de libertad de movimiento. Según NNUU, aproximadamente 8 millones de iraquíes viven bajo control de Daesh y grupos armados afiliados[35] y 1,65 millones en zonas de difícil acceso, a los que es necesario asegurar el acceso humanitario. |

| | |
|---|---|
| **SEGURIDAD ALIMENTARIA Y NUTRICIONAL** | 2,4 millones de iraquíes necesitan actualmente asistencia alimentaria[36]. Muchas zonas agrícolas y recursos acuíferos se encuentran bajo el control de grupos armados, lo que ha hecho disminuir los niveles de producción, ha incrementado los precios de los alimentos y ha interrumpido el Sistema Público de Distribución del Gobierno. |
| **SALUD** | 7,8 millones de iraquíes necesitan intervenciones que aseguren su acceso a sistemas de salud y miles de personas heridas precisan atención sanitaria urgente y especializada. |
| **AGUA, SANEAMIENTO E HIGIENE** | Al menos 7 millones de iraquíes necesitan con urgencia acceso a agua potable y sistemas de saneamiento. Muchas personas desplazadas han buscado refugio en escuelas, mezquitas, edificios abandonados o asentamientos informales sin acceso a servicios básicos. El flujo masivo de desplazados/as hacia pueblos y ciudades agrava la situación de las poblaciones de acogida, que carecen de esos servicios, provocando brotes de enfermedades transmitidas por el agua, como el de cólera de septiembre 2015 que se propagó a 15 de las 18 provincias iraquíes[37]. |
| **COBIJO Y ARTÍCULOS DE PRIMERA NECESIDAD** | 2,9 millones de personas necesitan alojamiento adecuado y artículos de primera necesidad, incluido equipamiento para hacer frente a las temperaturas invernales. |

A respecto da coherencia do proxecto obxecto de subvención coas políticas de acción humanitaria da cooperación galega, lémbrase que o «III Plan director da Cooperación Galega (2014-2017)» recolle como unha das súas orientacións estratéxicas responder ás crises humanitarias con calidade. Para isto prioriza basear a súa resposta en necesidades humanitarias e non por outros criterios (políticos ou de prioridade xeográfica), priorizando a intervención en favor de poboacións en base á su vulnerabilidad.

III.10. Toda vez que ten trascendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder á Asociación "España con ACNUR" (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) unha subvención directa por importe de 30.000€ (TRINTA MIL EUROS) para o desenvolvemento dun proxecto de distribución de artigos básicos esenciais, non alimentarios, entre a poboación desprazada en Irak nas zonas de Salah al Din e Kirkuk, de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo: *"ACCESO A NECESIDADES BÁSICAS ESENCIAIS PARA A POBOACIÓN DESPRAZADA INTERNA EN IRAK"*.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 30.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (*"Axuda o tercer mundo"*) dos orzamentos vixentes, a favor da Asociación "España con ACNUR", CIF G – 80757560.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (http://transparencia.vigo.org) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha "convocatoria instrumental" e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerase polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto:* o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de ACNUR *"ACCESO A NECESIDADES BÁSICAS ESENCIAIS PARA A POBOACIÓN DESPRAZADA INTERNA EN IRAK"*, consistente na distribución de artigos básicos esenciais, non alimentarios, entre a poboación desprazada, nas gubernaturas de Salah al Din e Kirkuk.

2ª.- *Carácter singular da subvención e interese humanitario do proxecto*: trátase dun proxecto de carácter singular e de evidente interese humanitario que xustifica o seu otorgamento como subvención directa ó abeiro dos Arts. 22.2.c), 28 e ccdtes. da LXS e 19.4.c) e 26 da LSG. Xustifícanse documentalmente tales extremos na Memoria do proxecto presentado pola Asociación "España con ACNUR" (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) que consta no expediente de referencia (Art. 67 RD.887/2006 e Base nº 38 Apdo. 4.2, último pfo.).

3ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda*: os/as beneficiarios/as directos da axuda municipal serían unhas 4.800 persoas (800 familias iraquíes) que poderán acceder á asistencia humanitaria dispensada por ACNUR para cubrir parte das súas necesidades básicas.

4º.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (*"Axuda o tercer mundo"*) dos vixentes orzamentos municipais.

5º.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (ACNUR), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención "sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida" (*«Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»*).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

6º.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

7ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto tanto na Base nº 38 das de execución dos orzamentos municipais como na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de ACNUR en Irak, establécese un réxime especial de xustificación.

A xustificación que se entregará no Rexistro xeral municipal, antes do 15.11.2017, como comprobante da recepción e correcta execución dos fondos incluirá os seguintes documentos:

– Certificado emitido pola entidade solicitante do tipo de cambio aplicado.
– Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).

    • Copia do ingreso da subvención na conta da entidade solicitante.
    • Copia da transferencia bancaria efectuada por parte da entidade solicitante á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
    • Certificado emitido pola entidade solicitante da desagregación da transferencia bancaria efectuada á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
    • Certificado emitido pola entidad solicitante da non existencia de gastos e intereses dos fondos outorgados o tempo que estiveron depositados na conta da entidade solicitante antes de ser transferidos á contraparte local (UNHCR/ACNUR)

– Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR).
– Ficha resumo sobre a situación da emerxencia.

Ademais, antes do 31.03.2018, facilitarase a seguinte documentación:

– Informe técnico final
– Documentación acreditativa do control de fondos:

    • Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.

- Copia da factura expedida por UNHCR/ACNUR xustificativa do gasto realizado.
- Certificado da entidade solicitante acreditando a autenticidade da copia da factura.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

8ª.- *Protección de datos*: a beneficiaria queda informada de que que os seus datos e os do/a seu/súa representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión desta subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP (L.39/2015) e na LRXSP (L.40/2015) e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

9ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención rexerase, ademáis de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

**<u>Acordo</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(1053).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASOLEO C PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E AQS DE DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 1145/611.**

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación en data 5/10/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611) na seguinte orde descendente:

| | LICITADORES | DESCONTO DE REFERENCIA PARA O GASÓLEO "C". | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | GASÓLEOS AMIGO, S.L. | 30% | **100** |
| 2 | COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA) | 1,2% | **4** |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.836,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**4(1054).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 79713/250.**

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación en data 5/10/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 5 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250) na seguinte orde descendente:

| Licitadores | | Puntuación |
|---|---|---|
| 1 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U. | 98,10 |
| 2 | NAROM, S.L. | 90,83 |
| 3 | CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. | 90,19 |
| 4 | CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. | 81,79 |
| 5 | ASFALGAL TECNICAS VIARIAS S.L. | 13,63 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.795,17 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**5(1055).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 10850/255.**

Visto o informe de fiscalización do 2/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 28/09/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255)

ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) na seguinte orde descendente:

| LICITADOR | | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|
| 1 | UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L. | 96,00 |
| 2 | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. | 90,09 |
| 3 | CALFENSA PROYECTOS, S.L | 83,72 |
| 4 | SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL S.L.) | 83,16 |
| 5 | BRÓCOLI, S.L. | 25,78 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.799,85 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L., o día 14 de setembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 28 de setembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

<u>FUNDAMENTOS XURÍDICOS</u>

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliables mediante fórmula, de datas 23 de agosto e 6 de setembro de 2017, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a* UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. - SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.*, o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (10.850-255) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 856.467,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 148.643,14 euros.*
b) *Propón dispoñer dun técnico/a titulado/a (enxeñeiro/a técnico ou superior agrícola ou forestal, graduado/a universitario/a en enxeñería agrícola ou forestal ou equivalente), tres días alternos á semana, durante un período mínimo de tres horas diarias en quenda de mañá, que permaneza nese horario "in situ" nos cemiterios municipais.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1056).- DAR CONTA DA RENUNCIA DA A.VV. CRISTO DA VICTORIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO "PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2017". EXPTE. 7745/224.**
Dáse conta do informe-proposta do 6/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada da Área e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 7 de setembro de 2017 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercício 2017".

Á entidade A VV Cristo da Victoria, con CIF: G36622793, expediente 7745-224, foille concedida unha axuda por importe de 819,77€ para a realización do proxecto "Comunicación a través de internet e do movil".

Con data 5 de outubro de 2017, a A VV Cristo da Victoria, presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello renunciando á subvención concedida por mor das obras de mellora que están a facer no local da asociación e que afectan á aula de informática (documento nº 170136833).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"Aceptar a renuncia á subvención concedida ao abeiro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2017" presentada pola A VV Cristo da Victoria, con CIF: G36622793".

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**7(1057).- DAR CONTA DA RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA "AYUVI" Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO "PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2017". EXPTE. 7764/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 3/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada da Área e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 7 de setembro de 2017 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercício 2017".

Á entidade *Asociación de Ayuda a la Vida AYUVI*, CIF: G36802536, expediente 7764-224, foille concedida unha axuda por importe de 1.030,50€ para a realización do proxecto "Obradoiro de panaderÍa".

Con data 21 de setembro de 2017, a entidade *Asociación de Ayuda a la Vida AYUVI* presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello no que renuncia á subvención concedida por non ter fondos suficientes para levar a cabo o proxecto (documento nº 170129591).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"Aceptar a renuncia á subvención concedida ao abeiro do "Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2017" presentada pola entidade Asociación de Ayuda a la Vida AYUVI, con CIF: G36802536".

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**8(1058).- DAR CONTA DA RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO "PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2017". EXPTE. 7747/224.**

Dáse conta do informe-proposta do 3/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada da Área e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 7 de setembro de 2017 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do "Programa específico de sub-

vencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercício 2017”.

Á entidade *Asociación de Personas Sordas de Vigo*, CIF: G36622835, expediente 7747-224, foille concedida unha axuda por importe de 660,00€ para a realización do proxecto “XI Edición: o empoderamento das mulleres xordas”.

Con data 26 de setembro de 2017, a entidade *Asociación de Personas Sordas de Vigo*, presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello renunciando de xeito expreso á subvención concedida (documento nº 170132140).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“ Aceptar a renuncia á subvención concedida ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do ano 2017” presentada pola entidade Asociación de Personas Sordas de Vigo, con CIF: G36622835”.

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**9(1059).- DAR CONTA DA RENUNCIA DA ENTIDADE ELASONG ASOCIACIÓN CULTURAL Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO “PROGRAMA ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DO ANO 2017”. EXPTE. 7758/224.**
Dáse conta do informe-proposta do 3/10/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada da Área e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 7 de setembro de 2017 aprobou a concesión de subvencións a diferentes entidades sen ánimo de lucro ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres do exercício 2017”.

Á entidade Elasong Asociación Cultural, con CIF: G27842673, expediente 7758-224, foille concedida unha axuda por importe de 1.123,97€ para a realización do proxecto “Tes Voz”.

Con data 20 de setembro de 2017, a entidade Elasong Asociación Cultural, presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello renunciando á subvención concedida por non ter fondos suficientes para levar a cabo o proxecto (documento nº 170129016).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Aceptar a renuncia á subvención concedida ao abeiro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou

actividades de promoción das mulleres do ano 2017" presentada pola entidade Elasong Asociación Cultural, con CIF: G27842673".

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**10(1060).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS DE "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2017". EXPTE. 13823/77.**

Visto o informe de fiscalización do 3/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 18/09/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o cocnelleiro de Emprego e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, leva a cabo programas e proxectos, sendo uns dos seus principais obxectivos o fomento do emprego. Deste xeito, a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego desenvolve, entre outros, o programa de "Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa", como estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 27 de abril de 2017, aprobou as bases reguladoras e convocatoria das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, cunha disposición total de 100.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 "Plan de emprego xuvenil" do Estado de Gastos do vixente orzamento do ano 2017 contabilizándose o RC Núm. 201700032380 (achégase copia do informe de intervención). As Bases reguladoras destas axudas foron publicadas no BOP núm. 84 do 3 de maio de 2017 e o Extracto da convocatoria foi publicado no BOP núm. 93 do 16 de maio de 2017 e difundidas mediante unha campaña de publicidade na prensa e na páxina web do Concello de Vigo.

O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, con data 09/06/2017, conforme ao establecido coa base 4ª, apartado 4.2, resolveu nomear a Comisión de Valoración e Seguimento que preside (achégase copia do documento).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 22 de xuño de 2017, acordou o outorgamento de axudas segundo a proposta da Comisión de valoración e seguimento do 09.06.2017 por un importe de 10.750,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3410.470.00.00 "Plan de emprego xuvenil" e correspondentes ao Programa Indefinidos quedando pendente a cantidade de 39.250,00€ para o outorgamento das axudas ao abeiro do Programa Indefinidos e a cantidade de 50.000,00€ para o outorgamento das axudas do Programa Contratacións.

Logo de examinar as solicitudes recibidas con posterioridade, e en prazo, no Rexistro Xeral do concello pola comisión de valoración e seguimento das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa, verifícase que cumpren os requisitos contidos nas bases reguladoras e convocatoria e concrétase a contía da axuda a conceder, segundo os apartados a.3. e b.3. Tipos e contías da axuda:

| Orde | Expte. | Solicitante | CIF | Programa solicitado | Transformc. contrato | Incremento colectivo | | Xornada laboral | Axuda a conceder |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Muller | VVD | | |
| 6 | 14111/77 | SIGILARIAS, SL | B27808880 | Indefinidos | 2.000,00 € | 00,00€ | 0,00€ | 100% | 2.000,00 € |
| 7 | 14117/77 | ADAO DA CUNHA FERREIRA | 54384614X | Indefinidos | 2.000,00 € | 500,00€ | 0,00€ | 60% | 1.500,00 € |
| 8 | 14118/77 | LANZAL PRODUCTOS DEL MAR, SL | B36983609 | Indefinidos | 2.000,00 € | 500,00€ | 0,00€ | 100% | 2.500,00 € |
| 9 | 14126/77 | ALMA CC MEDIACIÓN DE SEGUROS, SL | B27840016 | Indefinidos | 2.000,00 € | 500,00€ | 0,00€ | 50% | 1.250,00 € |
| 11 | 14136/77 | ROSA MARY GALLEGO GONZÁLEZ | 36114709V | Indefinidos | 2.000,00 € | 00,00€ | 0,00€ | 100% | 2.000,00 € |
| 14 | 14142/77 | GRUPO SÉMOLA, SL | B27788603 | Indefinidos | 2.000,00 € | 500,00€ | 0,00€ | 100% | 2.500,00 € |
| 15 | 14154/77 | VIAJERO DE ORO, SL | B36952133 | Indefinidos | 2.000,00 € | 500,00€ | 0,00€ | 100% | 2.500,00 € |
| 16 | 14164/77 | EIMSKIP LOGISTICS SPAIN, SL | B36959807 | Indefinidos | 2.000,00 € | 500,00€ | 0,00€ | 100% | 2.500,00 € |
| 17 | 14195/77 | NOELIA UBEIRA CASTRO | 36132524F | Indefinidos | 2.000,00 € | 500,00€ | 0,00€ | 100% | 2.500,00 € |
| 18 | 14286/77 | TAKOPESCA, SA | A27836055 | Indefinidos | 2.000,00 € | 500,00€ | 0,00€ | 100% | 2.500,00 € |
| 20 | 14293/77 | ARENAL ALOBAS, SL | B27724517 | Indefinidos | 2.000,00 € | 500,00€ | 0,00€ | 100% | 2.500,00 € |
| 22 | 14315/77 | EZPELETA DIVISIÓN COMERCIAL, SL | B27705763 | Indefinidos | 2.000,00 € | 500,00€ | 0,00€ | 100% | 2.500,00 € |
| 23 | 14332/77 | TALLERES VELOSO, SL | B36636827 | Indefinidos | 2.000,00 € | 00,00€ | 0,00€ | 100% | 2.000,00 € |
| | | | | | | | TOTAL | | 28.750,00€ |

| Orde | Expte. | Solicitante | CIF | Programa solicitado | Tipo contrato | Incremento colectivo | Xornada laboral | Axuda a conceder |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 21 | 14314/77 | PEIXE SOFTWARE, SL | B27704089 | Contratación | 4.500,00 € | 500,00€ | 62,5% | 3.125,00 € |
| | | | | | | TOTAL | | 3.125,00 € |

| Orde | Expte. | Solicitante | CIF | Programa solicitado | Motivo Denegación |
|---|---|---|---|---|---|
| 10 | 14132/77 | CARITAS DIOCESANA DE TUI-VIGO | R3600368I | Contratación | Incumprimento da Base 2.b.1 Beneficiarios ao ser unha entidade sen ánimo de lucro. (3) |
| 12 | 14139/77 | VANESA MOLARES RODRÍGUEZ | 36145598V | Indefinidos | Incumprimento da Base 2.a.2 Requisitos, apartado a.2.8 por débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello de Vigo na vía de constrinximento. (2) |
| 13 | 14141/77 | HERMI LAGO, SL | B36247674 | Indefinidos | Incumprimento da Base 2.a.1 Beneficiarios por prestar a traballadora os seus servizos noutro concello. (1) |
| 19 | 14292/77 | YOLANDA DIEZ TRABANCA | 36134342F | Contratación | Incumprimento da Base b.1 Beneficiarias e b.2.4 por non solicitar as candidaturas segundo as bases previo á contratación. (4) |

| Orde | Expte. | Solicitante | CIF | Programa solicitado | Motivo Denegación |
|---|---|---|---|---|---|
| 24 | 14395/77 | ALEJANDRA ESTÉVEZ FONTENLA | 36106670 M | Indefinidos | Presenta renuncia de acordo coa Base 5.b Renuncia (5) |

–a.1: *"... persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo."*

–a.2.8: *" Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo."*

–b.1.: *"Poderán solicitar estas axudas empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública e entidades sen ánimo de lucro..."*

–b.2.4: *"Solicitar as candidaturas para a selección da/s persoa/s traballadora/s desempregada/s a contratar ante o Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante a oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) mediante a presentación, previo á súa contratación, da correspondente oferta de emprego."*

*–5.b: "O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación."*

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "*o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal".*

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, art. 123 y art. 124, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA).

De acordo co establecido na base 4ª, apartado 4.1: "Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente."

Segundo o acta da Comisión de Valoración e Seguimento do 15.09.2017 que se achega no expediente, se indican as empresas solicitantes destas axudas que cumpren os requisitos esixidos nas bases reguladoras e convocatoria por un importe de **31.875,00€** con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 "Plan de emprego xuvenil", correspondendo 28.750,00€ con cargo ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos) que sumada á contía de 10.750,00€ outorgada ao abeiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 22.06.2017 resulta unha contía total de 39.500,00€ e de 3.125,00€ ao Programa de incentivos á contratación (P. Contratacións).

Deste xeito, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Propoñer a concesión, por un importe de **31.875,00€** con cargo a aplicación orzamentaria 2410.470.00.00 "Plan de emprego xuvenil", correspondendo 28.750,00€ ao Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (P. Indefinidos) das axudas seguintes:

| Orde (*) | Expte. | Solicitante | DNI/CIF | Programa solicitado | Importe en euros |
|---|---|---|---|---|---|
| 6 | 14111/77 | SIGILARIAS, SL | B27808880 | Indefinidos | 2.000,00 € |
| 7 | 14117/77 | ADAO DA CUNHA FERREIRA | 54384614X | Indefinidos | 1.500,00 € |
| 8 | 14118/77 | LANZAL PRODUCTOS DEL MAR, SL | B36983609 | Indefinidos | 2.500,00 € |
| 9 | 14126/77 | ALMA CC MEDIACIÓN DE SEGUROS, SL | B27840016 | Indefinidos | 1.250,00 € |
| 11 | 14136/77 | ROSA MARY GALLEGO GONZÁLEZ | 36114709V | Indefinidos | 2.000,00 € |
| 14 | 14142/77 | GRUPO SÉMOLA, SL | B27788603 | Indefinidos | 2.500,00 € |
| 15 | 14154/77 | VIAJERO DE ORO, SL | B36952133 | Indefinidos | 2.500,00 € |
| 16 | 14164/77 | EIMSKIP LOGISTICS SPAIN, SL | B36959807 | Indefinidos | 2.500,00 € |
| 17 | 14195/77 | NOELIA UBEIRA CASTRO | 36132524F | Indefinidos | 2.500,00 € |
| 18 | 14286/77 | TAKOPESCA, SA | A27836055 | Indefinidos | 2.500,00 € |
| 20 | 14293/77 | ARENAL ALOBAS, SL | B27724517 | Indefinidos | 2.500,00 € |
| 22 | 14315/77 | EZPELETA DIVISIÓN COMERCIAL, SL | B27705763 | Indefinidos | 2.500,00 € |
| 23 | 14332/77 | TALLERES VELOSO, SL | B36636827 | Indefinidos | 2.000,00 € |

(*) O número de orde considérase a partir do iniciado para o outorgamento de axudas ao abeiro do acordo da Xunta de Goberno Local do 22.06.2017.

e 3.125,00€ ao Programa de incentivos á contratación (P. Contratacións) da axuda seguinte:

| Orde (*) | Expte. | Solicitante | DNI/CIF | Programa solicitado | Importe en euros |
|---|---|---|---|---|---|
| 21 | 14314/77 | PEIXE SOFTWARE, SL | B27704089 | Contratación | 3.125,00 € |

SEGUNDO: Propoñer a denegación, por non cumprir os requisitos ou presentar renuncia, das solicitudes seguintes:

| Orde | Expte. | Solicitante | CIF | Programa solicitado | Motivo Denegación |
|---|---|---|---|---|---|
| 10 | 14132/77 | CARITAS DIOCESANA DE TUI-VIGO | R3600368I | Contratación | Incumprimento da Base 2.b.1 Beneficiarios ao ser unha entidade sen ánimo de lucro. (3) |
| 12 | 14139/77 | VANESA MOLARES RODRÍGUEZ | 36145598V | Indefinidos | Incumprimento da Base 2.a.2 Requisitos, apartado a.2.8 por débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello de Vigo na vía de constrinximento. (2) |
| 13 | 14141/77 | HERMI LAGO, SL | B36247674 | Indefinidos | Incumprimento da Base 2.a.1 Beneficiarios por prestar a traballadora os seus servizos noutro concello. (1) |
| 19 | 14292/77 | YOLANDA DIEZ TRABANCA | 36134342F | Contratación | Incumprimento da Base b.1 Beneficiarias e b.2.4 por non solicitar as candidaturas segundo as bases previo á contratación. (4) |
| 24 | 14395/77 | ALEJANDRA ESTÉVEZ FONTENLA | 36106670 M | Indefinidos | Presenta renuncia de acordo coa Base 5.b Renuncia (5) |

- a.1: *"... persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo."*
- a.2.8: *" Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo."*
- b.1.: *"Poderán solicitar estas axudas empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública e entidades sen ánimo de lucro..."*
- b.2.4: *"Solicitar as candidaturas para a selección da/s persoa/s traballadora/s desempregada/s a contratar ante o Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante a oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) mediante a presentación, previo á súa contratación, da correspondente oferta de emprego."*
- *5.b: "O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación."*

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015, de LPAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CUARTO: Informar, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación do art. 141.1.c) da Lei 40/2015, de LRXSP, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1061).- PROPOSTA DE REXEITAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA POLA XUNTA DE GALICIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EXERCICIO 2017. EXPTE. 13972/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 2/10/17, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro de Emprego e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

Con data 26/09/2017, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, no seu expediente TR331A/2017-0105, ven de comunicar a Resolución favorable da concesión dunha axuda de 50.000 €, para a contratación de 2 técnicos que conforme a "ORDE do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017", supón a dedicación exclusiva de 2 orientadores laborais as tarefas de orientación e información laboral derivadas desde o Servizo Público de Emprego de Galicia.

No periodo comprendido entre o 01/09/2016 e o 31/08/2017, estiveron prestando os seus servizos de información e orientación laboral con cargo á convocatoria de axudas para a realización de actividades de orientación laboral correspondente ao ano 2016, 3 técnicos municipais, cos seguintes resultados, na atención a persoas desempregadas derivadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia:

- Número de persoas atendidas: 1.154.
- Persoas citadas e non presentadas: 1.089
- % Persoas citadas e non presentadas: 48,51%
- N.º de persoas atendidadas por orientador/a e día: menos de 2.

Os custes do servizo subvencionado sin contar os derivados, das comunicacións, equipamento informático, material de oficina, etc, só referidos aos custes salariais do persoal son:

| N.º | % dedicación | Persoal | Salarios | Seg. Social | Total custes |
|---|---|---|---|---|---|
| 3 | 100% | Técnicos de emprego | 110.902,86 € | 34.047,18 € | 144.950,04 € |
| 1 | 5% | Dirección | 2.555,09 € | 559,86 € | 3.114,95 € |
| 1 | 5% | Coordinación | 1.848,38 € | 567,45 € | 2.415,83 € |
| 1 | 5% | Administración | 1.848,38 € | 567,45 € | 2.415,83 € |
| 1 | 10% | Atención ao público | 2.171,01 € | 666,50 € | 2.837,51 € |

Custes salariais a cargo do Concello

Servizo de información e orientación laboral subvencionado: 155.734,16 €

- Cuantía da axuda no ano 2016: 75.000,00 €
- Porcentaxe da axuda: 48,16 %
- Financiación municipal: 51,84 %

Doutra banda no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, se están a desenvolver diversos proxectos, como:

- Proxecto subvencionado polo FSE, destinado a xoves inscritos no Plan de Garantía Xuvenil, no que a Xunta de Goberno Local de 27 de xullo de 2017, ven de acordar "*Aceptar a subvención concedida na resolución do 6 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se resolve a convocatoria 2017 de axudas do Fondo Social Europeo, destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, no contexto do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, publicada no B.O.E. De 20/07/2017,* para a realización do proxecto *"VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE"*, con un importe elexible concedido de 1.048.928,35 € e unha axuda máxima concedida de 963.860,26

€.”, proxecto no que todo o persoal adscrito é municipal e nos que ademais dos destinados á xestión económico adminsitrativa (dirección, coordinación, xestión económica, tramitaicón administrativa e atención ao público), todos eles con dedicación parcial, dispón de 2 técnicos de orientación laboral a tempo completo, para o desenvolvemento de actividades de información, orientación, prospección e titorización laboral das persoas beneficiarias.

- Programa Integrado para o Emprego “Vigo Integra III”, destinado a formación e inserción cando menos do 35% das persoas beneficiarias con dificultades de inserción, no que se teñen superado ampliamente este porcentaxe e que está desenvolvido por 3 técnicos de emprego (2 deles ao 80% e 1 a un ao 20% de dedicación ao proxecto), ademais da dirección, coordinación e apoio administrativo e de xestión.
- Orientación, información e prospección laboral, individual a persoas desempregadas, que o solicitan no servizo e a celebración de acción grupais de busca de emprego relacionadas coas redes sociais e a marca persoal.
- Programas mixtos de emprego e formación, na actualidade se están no proceso de contratación tres:
    - Programa de inserción **“Vigo Emprega”**, destinado a colectivos con dificultades de inserción, no que contan co seu equipo de dirección, composto de persoal municipal, co apoio do servizo na xestión económico-administrativa, orientación e formación.
    - Obradoiro de Emprego **“Formaweb”**, destinado a 15 xoves menores de 30 anos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no que contan co seu equipo directivo, co apoio na xestión do servizo (inicio 0 29/09/2017).
    - Obradoiros de Emprego **“Vigo Capacita IV”**, destinado a 20 persoas desempregadas con difucltades de inesrción laboral, no que contan co seu equipo directivo, co apoio na xestión do servizo (inicio 0 09/10/2017).

A maior abundamento ademais dos proxectos presentados a convocatorias sa Xunta de Galicia (Cooperación para a inserción e colaboración para a contratación de perceptores de Risga) ou en fase de elaboración como é o caso do “VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE”, do Plan de Garantía Xuvenil, no ano 2018, o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, ten previsto o desenvolvemento dos seguintes proxectos:

- Programa de inserción de mulleres vítimas de violencia de xénero
    - Finaciación 100% municipal.
    - Importe do programa 125.000 €
- Programa 1ª experiencia de emprego, destinada a menores de 30 anos con estudios de formación profesional e/ou universitarios rematados.
    - Finaciación 100% municipal.
    - Importe do programa 225.000 €.
- Asesoramento a pemes e emprendedores, no programa DUSI OT.9 LA.16.
    - Finaciación 80% fondos FEDER e 20% municipal.
    - Importe do programa 150.000 €.

Tendo en conta os proxectos que desde o servizo se están a xestionar, sí como os previstos para o ano 2018, e dada a necesidade en todos eles de prestar servizos de asesoramento e orienación laboral, ademá da xestión económico administativa, é preciso renunciar a axuda concedida e destinar o persoal que en anos anteriores destinábase a desenvolver as accións de asesoramento competencia do Servizo Público de Emprego de Galicia, e que se encontraba infrautilizado sin que a pesar de repetidas solicitudes realizadas ao servizo de Orientación Laboral da Xunta de Galcicia, se teña podido modificar e mellorar a xestión que

de forma tan deficiente se prestaba ás persoas desempregadas, ás tarefas de orientación e titorización no programa *"VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE", e mellorar o servizo de prospección, orientación e información laboral á cidadanía viguesa.*

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a infrautilización do persoal técnico municipal adscrito ás tarefas de orientación encomendadas polo SPEG (51,49% das persoas asignadas), así como da baixa tasa de subvención dos custes de persoal (48,16 %), así como a necesidade de adicar persoal técnico de información e orientación laboral aos proxectos municipais tanto subvencionados como os financiados, PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. *Rexeitar a axuda concedida pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, no seu expediente TR331A/2017-0105, ven de comunicar a Resolución favorable da concesión dunha axuda de 50.000 €, para a contratación de 2 técnicos que conforme a "ORDE do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017", supón a dedicación exclusiva de 2 orientadores laborais as tarefas de orientación e información laboral derivadas desde o Servizo Público de Emprego de Galicia.*

**<u>Acordo</u>**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(1062).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO "VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE II" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN ÁO MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES. EXPTE. 14434/77.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3/10/17 e o informe de fiscalización do 4/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 2/10/17, asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, e o concelleiro de Emprego, que di o seguinte:

O MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES, publicou no BOE do 03/08/2016 o Orde HAP/1337/2016, do 27 de xullo, pola que se aproban as "bases reguladoras das axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil", e posteriormente ven de publicar no BOE de 29/08/2017, o "*Extracto de la Resolución de 22 de agosto de 2017, de la Dirección General de Relaciones con las Comunidades Autónomas y Entes Locales, por la que se aprueba la segunda convocatoria 2017 deayudas del Fondo Social Europeo, previstas en el Programa Operativode Empleo Juvenil (ayudas AP-POEJ), destinadas a la integraciónsostenible de personas jóvenes en el mercado de trabajo, en elcontexto del Sistema Nacional de Garantía Juvenil*", polo que se inicia o prazo de presentación de candidaturas por un prazo de 40 días desde o seguinte á esta publicación.

Baixo a presente convocatoria de axudas do FSE, o Concello de Vigo propón a posta en marcha do proxecto denominado "**VIGO POLO EMPREGO DÁ MOCIDADE II**" e que ten

como finalidade responder as necesidades xeradoras de emprego no Municipio de Vigo e favorecer a integración sustentable das persoas novas do Municipio de Vigo no mercado de traballo, complementando o proxecto presentado á primeira convocatoria que obtivo unha financiación do 80% e un importe total do proxecto de 1.048.928,36 € e que foi aceptado pola Xunta de Goberno Local de data 27/07/2017, xa que no estudio base do proxecto detectáronse carencias de formación na área de organización empresarial relacionadas principalmente con xestión de empresas, análise financeira, mercados exteriores, márketing, o que quedará en parte cuberto co itinerario que se solicita, pois a formación específica e as prácticas profesionais están destinadas a capacitar aos alumnos para que saiban organizar adecuadamente a sección administrativa da empresa.

Como se acaba de sinalar, as necesidades que se pretenden cubrir están relacionadas coa mellora da situación sociolaboral dos/as novos do Municipio de Vigo, aínda que de forma particular teranse en conta aqueles/as que teñan especiais dificultades de inserción no mercado laboral, isto é, parados/as de longa duración, mulleres e persoas discapacitados/as.

O Concello de Vigo, como entidade solicitante do presente proxecto, ofrecerá unha orientación personalizada aos/as novos que estean rexistrados no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil que estean empadroados en Vigo (e especialmente a aqueles/as con especiais dificultades para a súa inserción no mercado de traballo) e a oportunidade de cursar formación específica adecuada ao seu perfil e necesidades, xunto coa realización de prácticas profesionais que acompañen a devandita formación, para así lograr a inserción, tanto social como laboral.

O proxecto "VIGO POLO EMPREGO DÁ MOCIDADE II" que se solicita estará dirixido a mozos (maiores de 16 anos e menores de 30 anos) do Municipio de Vigo e que estean rexistrados no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Terán preferencia para a participación no proxecto o que pertenza a algún dos seguintes perfís: mulleres, mozas con discapacidade, poboación inmigrante e/ou parados de longa duración.

O proxecto "VIGO POLO EMPREGO DÁ MOCIDADE II" consiste en establecer unha serie de Itinerarios Integrados de Inserción para os/as novos na súa contorna de maneira integral, considerando todos os ámbitos que inflúen nos procesos de inserción das persoas (social, laboral, xurídico, participación social, formativo).

Os itinerarios que se establecerán serán individuais e adaptados ás características e necesidades de cada un dos/as usuarios/as. Os servizos que se prestarán abarcarán desde o asesoramento personalizado, até a formación de técnicas de procura de emprego e a práctica profesional.

Como elemento esencial de apoio do equipo técnico do proxecto, utilizarase un **sistema integral de xestión** (do que xa dispón o Concello de Vigo), no que que se irán anotando todas as actuacións que se realicen cos/as usuarios/as do proxecto, e á cal accederán os responsables das actuacións mediante unha clave.

No apartado formativo farase especial fincapé en incentivar entre os/as usuarios/as o uso das novas tecnoloxías, debendo realizar un curso transversal (obrigatorio) co fin de que os/as usuarios/as poidan manexar con facilidade as ferramentas que se pon á súa disposición. Tamén se porá en marcha unha **Rede social** (unha páxina de Facebook) para que os/as destinatarios/as poidan intercambiar as súas impresións.

Nos itinerarios integrados de inserción sociolaboral, o papel tanto do/o titor/a de inserción como do/o orientador/a é fundamental, xa que son figuras sobre as que recae unha gran parte da responsabilidade e que teñen contacto directo co/o usuario/a.

O/a orientador/a quen se en fronte ao primeiro “cara a cara” co/o usuario/a e en moitas ocasións de como se desenvolva este primeiro contacto dependerán o resto e por tanto dependerá tamén todo o proceso de inserción sociolaboral.

Por todo isto é fundamental que o/a orientador/a coñeza as fases que se desprenden dos contactos cos/os usuarios/as.

**Como resumo do proxecto, podemos destacar:**

**Persoas destinatarias do proxecto**

O proxecto “VIGO POLO EMPREGO DÁ MOCIDADE II” que se solicita estará dirixido a mozos (maiores de 16 anos e menores de 30 anos) do Municipio de Vigo e que estean rexistrados no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

Terán preferencia para a participación no proxecto o que pertenza a algún dos seguintes perfís: mulleres, mozas con discapacidade e/ou parados de longa duración.

- mulleres
- mozas con discapacidade
- parados de longa duración.

Dentro das actividades relacionadas cos itinerarios de formación personalizados, no marco do proxecto abonaranse **axudas/bolsas** para os/as novos durante o tempo en que participen na formación específica, nas prácticas profesionais e na formación transversal e/ou complementaria.

**Formación que se impartirá:**

De acordo co aliñamento da Estratexia Española de Activación para o Emprego, a formación que se inclúe no proxecto comprende formación acreditable, **establecéndose unha oferta formativa conducente a certificados de profesionalidade**, e conteñen módulos de formación específica e prácticas profesionais. Considerouse oportuno que toda a formación específica e práctica proposta no proxecto estea encamiñada á obtención de certificados de profesionalidade porque a formación para a obtención dos certificados de profesionalidade leva un valor engadido ao posuír unha acreditación oficial recoñecida no ámbito educativo e laboral.

**Formación específica e practicas non laborais do itinerario formativo**:

| FORMACIÓN ESPECÍFICA DO ITINERARIO FORMATIVO | NIVEL DE CUALIFICACIÓN | EDICIÓNS | HORAS FORM. ESPECÍFICA | Nº TOTAL ALUMNOS/AS |
|---|---|---|---|---|
| Servizos administrativos | 2 | 1 | 390 | 15 |
| **TOTAL** | | | **390** | **15** |
| **PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DO ITINERARIO FORMATIVO** | | | | |
| **ITINERARIO FORMATIVO** | **NIVEL DE CUALIFICACIÓN** | **EDICIÓNS** | **HORAS DE PRÁCTICAS** | **Nº TOTAL ALUMNOS/AS** |
| Servizos administrativos | 2 | 1 | 40 | 15 |

**Formación transversal e/ou complementaria:**

A Estratexia de Emprendemento e Emprego Novo cita, entre as principais causas do desemprego xuvenil, o déficit no coñecemento de idiomas estranxeiros, por tanto pensouse na inclusión no proxecto formativo dun curso longo de inglés, co que capacitar adecuadamente

aos/as novos que participen no proxect, ao mesmo tempo, a Estratexia Española de Activación para o emprego recoñece o potencial das novas tecnoloxías no crecemento e a creación de emprego. Por iso, ademais de incluír un itinerario específico relacionado coas novas tecnoloxías, considerouse oportuno incluír un curso de alfabetización informática, pensado para que aqueles/as novos que teñan niveis de formación máis baixo poidan mellorar as súas capacidades tecnolóxicas.

| MATERIA<br>NOME DO MÓDULO FORMATIVO | EDICIÓNS | HORAS | * TOTAL ALUMNOS/AS |
|---|---|---|---|
| **Formación en idiomas** | | | |
| Comunicación en linguas estranxeiras (inglés) N2 | 1 | 180 | 15 |
| **Fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres** | | | |
| Sensibilización na igualdade de oportunidades | 1 | 20 | 15 |
| **Fomento das novas tecnoloxías da información e a comunicación** | | | |
| Alfabetización informática: informática e internet | 1 | 25 | 15 |
| **Procura de emprego** | | | |
| Marca persoal e procura de emprego | 1 | 4 | 15 |
| Redes Sociais e emprego | 1 | 8 | 15 |

## Prazos de duración do proxecto.

O cronograma estimado das actuacións do proxecto é o que se indica a continuación, iniciándose a actividade do proxecto en **maio de 2018 e discorrendo ata o 31 de decembro de 2018.**

### ORZAMENTO DO PROXECTO

| | |
|---|---|
| **CUSTOS DE PERSOAL** | **71.653,36 €** |
| **1.- Custos de persoal** | **71.653,36 €** |
| 1.1 Persoal dirección e coordinación | 4.797,99 € |
| 1.2 Personal técnico (formadores, expertos, titores, orientadores, técnico económico, etc.) | 24.290,96 € |
| 1.3 Persoal administrativo/auxiliar | 2.272,26 € |
| 1.4 Indemnizacións por razón do servizo do personal afecto ao proxecto | 0,00 € |
| 1.5 Contratación externa personal (formadores, expertos, titores, etc.) | 40.292,15 € |
| **OTROS CUSTOS (40% DOS CUSTOS DE PERSOAL)** | **28.661,34 €** |
| **2.- Outros custos curso a subcontratar** | **16.116,86 €** |
| **3.- Custos corrintes** | **4.504,48 €** |
| **4.- Becas (axudas económicas aos/as participantes nas actividades formativas).** | **8.040,00 €** |
| **TOTAL PROXECTO** | **100.314,70 €** |

O custes de persoal dos apartados 1.1, 1.2 e 1.3, por importe de 30.647,55 €, serán con cargo as retribucións do persoal municipal, ao ter asignado 7 empregados/as, conforme a táboa seguinte e cos porcentaxes correspondentes:

| PUESTO CONCELLO | Salarios | Seg.Social | Total salarios anuales | %Asignado | PERSONAL 7 MESES | PERSONAL 2018 | OTROS COSTES 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Jefe de servizo (Director de proyecto) | 50.127,30 € | 13.987,50 € | 64.114,80 € | 10,00 % | 3.846,89 € | 2.747,78 € | 1.099,11 € |
| Coordinadora (Coordinadora de proyecto) | 36.601,52 € | 11.236,67 € | 47.838,19 € | 10,00 % | 2.870,29 € | 2.050,21 € | 820,08 € |
| Tec. Económico | 36.601,52 € | 11.236,67 € | 47.838,19 € | 15,00 % | 4.305,44 € | 3.075,31 € | 1.230,12 € |
| Orientador | 36.601,52 € | 11.236,67 € | 47.838,19 € | 50,00 % | 14.351,46 € | 10.251,04 € | 4.100,42 € |
| Tutor | 36.601,52 € | 11.236,67 € | 47.838,19 € | 50,00 % | 14.351,46 € | 10.251,04 € | 4.100,42 € |
| Administrat iva | 28.231,86 € | 7.114,43 € | 35.346,29 € | 15,00 % | 3.181,17 € | 2.272,26 € | 908,90 € |
| Auxiliar | 21.495,18 € | 6.599,02 € | 28.094,20 € | 0,00 % | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 € |
| | | | | | 42.906,70 € | 30.647,64 € | 12.259,06 € |

O orzamento total do proxecto é de 100.314,69 €, dos que o Concello de Vigo cofinancia o 30,55 %, importe que cubre a cofinanciación establecida na convocatoría, que é do 80% conforme establece a tasa de cofinanciación establecida no plan de financiación do POEJ para el eixo prioritario 5, a través da Iniciativa de Emprego Xuvenil, e non precisa de retención de crédito o ter consignado nos orzamentos municipais os salarios do persoal adscrito ó proxecto.

Por todo o anteriormente exposto, e seguindo instrucións do concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. *Aprobar a memoria e o resumo do proxecto "VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE II", que se achegan no anexo I para presentar á "Segunda Convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil", convocada polo "MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES"*

2. *Solicitar á "MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES", dentro da "Segunda Convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, destinadas á integración sustentable de persoas novas no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil", unha axuda por importe de 80.251,75 € que se correponde co 80% do total do proxecto (100.314,69 €) para o desenvolvemento do proxecto aprobado.*

3. *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados polo "MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES".*

4. *Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante do "MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Y PARA LAS ADMINISTRACIONES TERRITORIALES".*

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1063).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 13000/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 14/09/17, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira de Educación e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES:
A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 25 de outubro de 2012, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a Colegio Los Milagros SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Tomás Alonso e Bouzas (expte 13000-332), de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 27/07/2012 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas fíxase unha duración do contrato de catro anos e establecese a posibilidade de prorrogar o mesmo por un máximo de dous anos, en prórrogas anuais. A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 30 de setembro de 2016 aprobou a primeira prórroga do citado contrato, polo período 16/11/16 – 15/11/17.
En data 3 de setembro de 2017, mediante Rexistro electrónico (Cod. solicitude W242807-9732), don José Luis Rey Parente como representante de entidade Colegio Los Milagros, S.L. manifesta a vontade e interese da empresa adxudicataria de acollerse a unha nova prorroga do contrato por outra anualidade.
A prestación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais Tomás Alonso e Bouzas por parte da empresa actualmente adxudicataria (Colegio Los Milagros SL) estase a realizar a plena satisfacción deste servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e a un prezo competitivo. Polo tanto, dende o servizo municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP.

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.( TRLCSP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 10982001. de 12 de outubro, no que non se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.
- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Bases de Execución do Orzamento.

III. FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- A prorroga dos contratos ven regulada con carácter xeral no artigo 23.2 do TRLCSP e de forma específica para os contratos de servizos no art. 303.1 do TRLCSP.
- O contrato, como se sinala nos antecedentes, ten unha duración de catro anos estando prevista no PCA a posibilidade de dúas prorroga dun ano cada unha.
- A empresa adxudicataria "Colegio Los Milagros , S.L:" manifesta (doc 160117272) a súa vontade de continuar prestando os servizos obxecto do contrato no período de prórroga.
- A prorroga realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidas entre as partes, sen variación respecto das prestacións estipuladas no contrato que non foi modificado dende a súa adxudicación.

IV. COMPETENCIA:

A adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no apartdo g) do artigo 127.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, así como, atendendo a regulación establecida na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

PROPOSTA DE ACORDO

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para a xestión das Escolas Infantís Municipais Tomás Alonso e Bouzas (expte 13000-332) para o período comprendido entre o 16/11/17 e o 15/11/18, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo das revisións de prezos que poideran proceder, será de 391.200,00 euros; a súa distribución anual será a seguinte:

Ano 2017 (16/11/2017-31/12/2017):

24.450,00 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.12 (EIM Tomás Alonso), e bolsa de vinculación.

24.450,00 €, que se imputarán á partida 3230.227.99.13 (EIM Casiano Martínez-Bouzas), e bolsa de vinculación

Ano 2018 (1/1/2018-15/11/2018):

171.150,00 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.12 (EIM Tomás Alonso), e bolsa de vinculación.

171.150,00 €, que se imputarán á partida 3210.227.99.13 (EIM Casiano Martínez-Bouzas), e bolsa de vinculación.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 14(1064).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ROSALÍA DE CASTRO LA SALGUEIRA, PARA COLABORAR COS GASTOS DE REPARACIÓN DO TELLADO E FACHADA DO SEU LOCAL SOCIAL, PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DO ANO 2017. EXPTE. 7629/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26/09/17 e o informe de fiscalización do 3/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 29/09/17 asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 09/08/2017 D. Manuel Fernández Vila, en calidade de presidente da entidade *Asociación de Vecinos "Rosalía de Castro" La Salgueira* (CIF: G36644904), achegou escrito solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das súas actividades para o 2017 mediante o financiamento dos gastos de reparación do tellado e fachada do seu local social, situado en Lourido, s/n – LA SALGUEIRA, entre o 1 de agosto ao 31 de outubro de 2017, cuxa contía ascende a 29.029,32 €.

Segundo certifica a Secretaria da entidade Dª Diana Piñeiro Comesaña, foi elixido o presidente da asociación como a persoa responsable de representar á asociación ante calquera organismo público ou privado, a ostentación e representación legal da asociación, así como, a firma do convenio de colaboración ou análogos.

Con data 26/09/2017, o Secretario da Administración Municipal emitiu informe xurídico favorable á proposta de convenio.

Asemade, examinado o expediente polo departamento de Intervención, o 28/09/2017 formula unha serie de alegacións que deben ser corrixidas para continuar coa súa tramitación.

Deste xeito foron incorporadas as correccións propostas polo servizo de Intervención.

Por último, o técnico que subscribe, da traslado das correccións expostas polo servizo de Intervención, para a sua fiscalización, en relación co carácter excepcional desta forma de concesión de subvención.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

COMPETENCIA MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións de forma que se faga efectivo o principio "unha Administración unha competencia". Polo que as Entidades Locais no deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conten co financiamento adecuado.

O artigo 25 da LRBL non fai ningunha referencia á actividade de fomento ou subvencional, como competencia propia municipal nin se trata, tampouco, dunha competencia delegada, polo que, para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Si ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que

fosen distintas das atribuídas como propias pola lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas

competencias, **a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.***

RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS E ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

No proceso de outorgamento, xestión, pago e fiscalización de subvencións públicas deben tomarse en consideración un conxunto de normas que se poden sistematizar do xeito que se expón no primeiro apartado deste informe. Polo que se refire ás normas específicas das subvencións, o artigo 5 da LXS, dispón que as subvencións rexeranse por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, se lle aplicarán as normas de dereito privado.

Deste xeito, a concesión das subvencións obxecto deste convenio, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

No caso concreto do Concello de Vigo, dado que pertence á categoría dos municipios de gran poboación regulados no Título X da LRBRL, en virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ), correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 13 de xuño de 2011, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a "aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados".

OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto do convenio é o fomento das actividades da entidade para o 2017, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de reparación do tellado e fachada o seu local social situado en Lourido, s/n – LA SALGUEIRA, entre o 01/08/2017 ata 31/10/2017, obras que se consideran necesarias para a mellora de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.

De conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, a entidade “*Asociación de Vecinos de Rosalía de Castro La Salgueira*”, entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, ten os seguintes:

- ✔ Coordinar e potenciar os obxectivos dos seus membros e en definitiva da veciñanza asociada.
- ✔ Recollelas peticións e facelas chegar a quen corresponda sen prexuízo das tarefas reivindicativas dos seus membros.
- ✔ A consecución dos medios materiais, sociais e culturais útiles para o desenvolvemento da cidade.
- ✔ Defender, fomentar e mellorar os intereses xerais da veciñanza en calidade de consumidores.
- ✔ Informar e educar á veciñanza en tódalas cuestións que afecten a intereses xerais, en especial, as cuestións que afecten á información e educación dos consumidores.
- ✔ Velar polo cumprimento por parte da Administración dos dereitos recoñecidos no nos Ordenamento xurídico como entidades de interese xeral de consumidores e usuarios.

Segundo acordo plenario de data 17 de maio de 1989, achegado no expediente, outórgase a *Asociación de Vecinos “Rosalía de Castro” La Salgueira,* a cesión, polo prazo máximo de cincuenta anos, o uso do terreo de propiedade municipal para a construción do local social destinado a actividades socioculturais, debendo manterse esta utilidade durante o indicado prazo, revertendo, ó termo do mesmo, os terreos, edificacións e demais pertenzas e accesións ao Concello.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a *Asociación de Vecinos “Rosalía de Castro” La Salgueira*, nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflicten as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA
Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal, a partida presupostaria nº 9240.7800010, denominada “*Transferencias de Capital a Asociacións*”, da que 29.029,32 € irán destinados as obras de reparación do tellado e fachada do local social da *Asociación de Vecinos “Rosalía de Castro” La Salgueira.*

DOCUMENTACIÓN
A *Asociación de Vecinos “Rosalía de Castro” La Salgueira*, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, e saber que os certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda da Xunta de Galicia), Seguridade Social e có Concello de Vigo están vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude expresa da correspondente Xunta Directiva para o inicio do convenio e nomeamento da persoa responsable da sinatura do convenio (anexo I).

2. Declaración responsable de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en incompatibilidades ou prohibicións (anexo II).

3. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo III).

4. Certificación bancaria do número de conta da asociación.

5. Escritura de titularidade do inmoble obxecto das obras subvencionadas.

6. Acordo plenario cesión terreo titularidade municipal.

7. Descrición da obra: presentación dos orzamentos solicitados e motivación do contratista seleccionado.

8. Cronograma das obras e lugar de realización .

9. Taxa por licenza de obras.

10. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)

11. Comunicación previa das obras, presentada en urbanismo.

12. Fotos da cartelería anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das obras no local da asociación para o 2017.

O presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da asociación, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de reparación do tellado e fachada do seu local social, situado en Lourido, s/n – LA SALGUEIRA, entre o 1 de agosto ao 31 de outubro de 2017, cuxa contía, neste período, segundo orzamento de gastos achegado, é, 28.186,71 € o total da obra, que xunto coa taxa por licenza de obras e o imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) ascende a un **total de 29.029,32 €.**

| ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (01/08/2017 – 31/10/2017) | |
|---|---|
| Obras reparación tellado e fachada | 28.186,71 € |
| Taxa por licenza de obras | 157,47 € |
| ICIO | 685,14 € |
| **TOTAL** | **29.029,32 €** |

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA BENEFICIARIA E FORMA DE PAGO

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do presuposto, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

Aínda que o convenio desprega a súa vixencia no período comprendido entre a data da súa sinatura e o 31 de outubro de 2017, son gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/08/17 e o 31/10/17, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización das obras para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **10 de novembro de 2017.**

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa presentarase en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

O pago da subvención obxecto deste convenio, se realizará, conforme ao artigo 34.3 da LXS, previa a xustificación polo beneficiario, da realización das obras para o que se lle concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, producíndose a perda do dereito ao cobro no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia

dalgunha das causas previstas no artigo 37 da mesma Lei e a Base 38ª.8 das BEP.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES13 2080 5075 19 3040017708 (ABANCA), segundo código de conta cliente de data 09/08/2017, emitido pola entidade bancaria.

NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

A teor do disposto no art. 24 da LSG, a resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, de acordo co previsto no art. 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28

de novembro, as poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do exposto, de conformidade co art. 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e art. 124, apartados 4º e 5º, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o apartado 4.18 da Resolución de delegacións do Alcalde de data 19/06/15, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

**PRIMEIRO.** - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 29.029,32 € (vinte e nove mil vinte e nove euros e trinta e dous céntimos), con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240.7800010, denominada "*Transferencias de Capital a Asociacións*", do vixente orzamento municipal (2017), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos reparación do tellado e fachada do seu local social, situado en Lourido, s/n – LA SALGUEIRA, entre o 1 de agosto ao 31 de outubro de 2017, para o desenvolvemento das actividades da entidade para o ano 2017, en definitiva, para o fomento das mesmas.

**SEGUNDO.** - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a *Asociación de Vecinos "Rosalía de Castro" La Salgueira* (CIF: G36644904), cuxo obxecto é colaborar co financiamento dos gastos reparación do tellado e fachada do seu local social, situado en Lourido, s/n – LA SALGUEIRA, entre o 1 de agosto ao 31 de outubro de 2017, para o desenvolvemento das actividades da entidade para o ano 2017 e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 29.029,32 € (vinte e nove mil vinte e nove euros e trinta e dous céntimos).

**TERCEIRO.** - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 40 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**Acordo**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(1065).- OUTORGAMENTO DE "SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ". EXPTE. 7554/320.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5/10/17, dáse conta do informe-proposta do 9/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, o concelleiro delegado de Participación Cidadá, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**
A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 18 de maio de 2017, acordou aprobar as a convocatoria e bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para o ano 2017.

As ditas bases foron publicadas no BOP do martes, 30 de maio de 2017 así como, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), do mesmo xeito publicouse o extracto da convocatoria no BOP, do 25 de maio de 2017, promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte a súa publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Durante este prazo (do 26 de maio ao 15 de xuño), recibíronse as solicitudes de subvención dun total de 43 entidades (40 admitidas e 3 denegadas).

**OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS**
As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2017 están destinadas a:

- Programa I: "Gastos en mantemento"
- Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"
- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles"

**CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**
Segundo as bases reguladoras da subvención, a cantidade consignada presupostariamente para subvencionar o Programa I foi de 132.000 €, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada "*Subvencións a entidades cidadás*"
Pola súa parte, a cantidade dispoñible para os Programas II "Gastos de investimento: equipamento" e Programa III "Gastos de investimento: obras e adquisición de inmobles", é de 150.000 €, se fará efectiva con cargo á partida 9240 7800010, chamada "Transferencias de Capital Asociacións", do orzamento de 2017.

A distribución final destas contías entre os tres Programas resultou ser a seguinte:

- **Programa I: 132.000 €**
- **Programa II: 50.000 €**

• **Programa III: 100.000 €**

En ningún caso, as axudas outorgadas superan os límites cuantitativos fixados na base terceira das subvencións.

**PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN**
O procedemento iniciouse de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (art. 20 da LSG) e tramítase en réxime de **concorrencia competitiva**, de acordo co art. 22.1 da LXS.

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles:
Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, tívose en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade**.- Ata 10 puntos **(COLUMNAS A1 e A2)**
Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

| | |
|---|---|
| Ano 87 a 93 | 5 |
| Ano 94 a 99 | 4 |
| Ano 2000 a 2005 | 3 |
| Ano 2006 a 2012 | 2 |
| Ano 2013 a 2016 | 1 |
| En adiante | 0 |

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

| | | |
|---|---|---|
| Antigüidade: | mais de 50 anos | 5 |
| | 26 a 50 anos | 4 |
| | 11 a 25 anos | 3 |
| | 5 a 10 anos | 2 |
| | 1 a 4 anos | 1 |
| | 0 anos | 0 |

b) **Representatividade e área de influencia**.- Ata 5 puntos **(COLUMNA B)**
Valorarase tendo en consideración o número de socios numerarios da asociación.

| | | |
|---|---|---|
| Socios: | Ata 500 socios | 1 |
| | De 501 a 1000 socios | 2 |
| | De 1001 a 1500 socios | 3 |
| | De 1501 a 2000 socios | 4 |
| | Mais de 2000 socios | 5 |

c) **Capacidade económica,** suficiente e axeitada da entidade para xestionar as propostas presentadas.- Ata 10 puntos:

- Segundo o presuposto de gastos do ano anterior (2016): Ata 5 puntos (**COLUMNA C2)**

  Presuposto: Ata 10.000 € 5

  De 10.001 a 50.000 € 4

  Do 50.001 a 70.000 € 3

  Do 70.001 a 100.00 € 2

  *Mais de 100.000 € 1*

- Segundo a porcentaxe económica que achega a entidade para facer fronte ao custe do proxecto para o que solicita a subvención: Ata 5 puntos (**COLUMNA C1)**

  Solvencia: Do 56% ata o 100% 1

  Do 41% ata o 55% 2

  Do 26% ata o 40% 3

  Do 16% ata o 25% 4

  Ata o 15% 5

d) **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades**.- Ata 25 puntos **(COLUMNAS D,E,F,G,H)**

Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:

A) Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.

Duración media dos programas ou grupos estables (máximo 8 puntos)

Ata 3 meses: 2 puntos

Ata 6 meses: 4 puntos

Ata 9 meses: 6 puntos

Ata 12 meses: 8 puntos

B) Maior número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.

Número de actividades formativas (máximo 8 puntos)

1-10 actividades: 2 puntos

11-20 actividades: 4 puntos

21-30 actividades: 6 puntos

Máis de 31 actividades: 8 puntos

C) Que os programas inclúan contidos e métodos socioculturais e/ou socioeducativos.

Número de actividades formativas (máximo 5 puntos):

1-3 programas: 2 puntos

4-7 programas: 3 puntos

8-11 programas: 4 puntos

12 ou mais programas: 5 puntos

D) Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos

Non: 0 puntos

Parcial: 1 puntos

E) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede (máximo 2 anos):

0 entidades: 0 puntos

1-3 entidades ou colaboración puntual: 1 puntos

4 ou mais entidades ou colabora estable: 2 puntos

f) **Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas**.- Ata 30 puntos **(COLUMNA I)**

- Distribuirase un total de 25 puntos por tramos en base ao custe do proxectos achegados para cada un dos Programas (*gastos en mantemento, gastos en equipamento e gasto en obras)*:

| | |
|---|---|
| De 1 € a 1.000 €: 1 punto | De 4.001 a 4.500 €: 11 puntos |
| De 1.001 a 1.250 €: 2 puntos | De 4.501 a 5.000 €: 12 puntos |
| De 1.251 a 1.500 €: 3 puntos | De 5.001 a 5.500 €: 13 puntos |
| De 1.501 a 1.750 €: 4 puntos | De 5.501 a 6.000 €: 14 puntos |
| De 1.751 a 2.000 €: 5 puntos | De 6.001 a 6.500 €: 15 puntos |
| De 2.001 a 2.250 €: 6 puntos | De 6.501 a 7.000 €: 16 puntos |
| De 2.251 a 2.500 €: 7 puntos | De 7.001 a 8.000 €: 17 puntos |
| De 2.501 a 3.000 €: 8 puntos | De 8.001 a 9.000 €: 18 puntos |
| De 3.001 a 3.500 €: 9 puntos | [...] |
| De 3.501 a 4.000 €:10 puntos | De 15.001 en adiante : 25 puntos |

- Mellora da accesibilidade cara a integración de colectivos con discapacidade, a través da eliminación de barreiras arquitectónicas, tecnolóxicas ou de integración : (Ata 5 puntos).

  Este criterio de “Mellora da accesibilidade” aplicouse no Programa III de Obras, e concretamente aos proxectos presentados por 2 entidades que acadaron a puntuación máxima neste criterio:

  - A.V.C.D de Cabral: Instalación dun elevador hidráulico

- A.C.V Curva de San Gregorio: Obras de acondicionamento do novo local social (*conforme ao Decreto 35/2000 de accesibilidade de Galicia, os centro cunha superficie superior aos 150m2 deben contar cun nivel de accesibilidade adaptado nos seus itinerarios. As ramplas terán un ancho mínimo de 1,50m. Debe existir ao final da rampla un espazo de xiro libre de obstáculos...*.)

g) **Colaboración das entidade coa Administración Local**. Ata 20 puntos **(COLUMNA J)**
**(Achegase no expediente Informe explicativo das puntuación acadadas)**

- Valorarase o número de rexistros tramitados (Xestión de Expedientes Municipal) relacionados con peticións de carácter sociomunitario (solicitudes, queixas, suxestións...). Máximo 10 puntos:

  Ata 3 rexistros: 4 puntos

  De 4 a 6 rexistros: 8 puntos

  Mais de 7 rexistros: 10 puntos

- Grado de contacto, implicación e colaboración da entidade solicitante coa Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, puntuarase o número de comunicacións de actos, actividades e actuacións programadas, informacións, actualizacións de datos... dos que teña coñecemento o servizo de Participación Cidadá. Máximo 5 puntos.

- Participación noutros programas municipais: valorase con 2 puntos cada un dos programas municipais nos que se participe, ata un máximo de 5 puntos.

h) **Xustificación das subvencións**.- Ata 10 puntos **(COLUMNA K)**
**(Achegase no expediente Informe explicativo das puntuación acadadas)**

Coa avaliación deste criterio, o que se pretende é valorar o esforzo realizado pola entidade para unha correcta execución e xustificación das subvencións concedidas:

- Restarase un punto por cada unha das emendas ou documentos requiridos para subsanar a xustificación presentada no ano 2016
- A aquelas entidades as que se lles aplicou a redución proporcional por xustificación incompleta, restaráselle 2 puntos mais cando a porcentaxe xustificada supere o 50% e, 3 puntos cando a porcentaxe xustificada sexa inferior ao 50 %.
- Aquelas entidades que non xustificaron ou presentaron renuncia expresa obterán unha puntuación de 0 puntos.

i) **Utilización da ferramenta en liña "Asociacións en Rede" (asociacions.vigo.org)**. Ata 5 puntos **(COLUMNA L)**
**(Achegase no expediente Informe explicativo das puntuación acadadas)**

Terase en conta a súa antigüidade como usuario da páxina e o número de publicacións realizadas:

- Antigüidade na páxina *asociacions.vigo.org*. Ata 2 puntos

    - 1 ano ou mais (anterior á data da convocatoria): 2 puntos
    - Inferior a 1 ano: 1 punto

- Publicación de novas no último ano (*). Ata 2 puntos:
    - De 1 a 4 publicacións: 1 punto
    - 5 publicacións ou mais: 2 punto

- Outras publicacións no último ano (fotos, muro...): 1 punto

(*) Non se computan as publicacións de ofertas de emprego por tratarse dun trámite de obrigado cumprimento esixido polas bases da convocatoria de subvencións para o fomento do emprego.

**CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN**

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no RMA nos epígrafes 10.1 ou 10.5 de dito Rexistro, "*Asociacións veciñais*" e "*Sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceo, casas rexionais*", respectivamente, cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións. Porén, 3 das asociacións solicitantes, resultaron non estar inscritas nos epígrafes que, segundo a Base 1.d) da norma reguladora da subvención, permitían a concorrencia nesta convocatoria pública, polo que, proponse ao órgano competente a desestimación das súas solicitudes.

b) Todas as solicitudes para concorrer no procedemento, se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base novena.

c) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria, a saber:

- Programa I: en ningún caso, a contía de 5.000 €
- Programa II: en ningún caso, o cantidade de 5.000 €
- Programa III: o 80 % do orzamento presentado e o máximo de 15.000 €

d) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (Base 2.1).

e) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (Base 2 e 3).

f) As entidades que resultaron beneficiarias da subvención teñen debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas que se lle outorgaron na Área de Participación Cidadá, de conformidade coa Base 6.2, apartado 1º. Enténdese cumprido este requisito, respecto das entidades solicitantes, que non concorreron á convocatoria do ano 2016, ou que, se ben concorreron, non obtiveron subvención ou renunciaron á subvención outorgada, polo que, non se lle outorga ningunha puntuación polo criterio de "xustificación de subvención", previsto na Base 10.h) da convocatoria.

g) Incorpóranse ao expediente a certificacións acreditativas de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AET, Facenda da Xunta de Galicia, e Concello de Vigo, así como das obrigas coa Seguridade Social.

h) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS ( anexo IV.A.7), requisito esixido pola Base 2.7

i) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, regulados na Base 8ª e aprobados como modelos oficiais (anexos I, II e ou III- IV.A e B)

j) Incorpórase como Anexo I a acta da Comisión de Valoración do 4 de setembro de 2017, conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, sede de entidades asociativas, que se subvencionan no Programa III (“Gastos en investimento: obras e adquisicións de inmobles”), da mesma data.

**PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN**

a) De acordo coa base Décimo 11.8 das bases reguladoras da subvención, o procedemento de concesión ou desestimación das axudas resolverase “*no prazo de seis meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria*”.

En calquera caso, non se excederá o prazo máximo de nove meses que o art. 23.1 da LSG, de aplicación á Administración Local, establece para resolver e notificar a resolución do procedemento.

b) Tal e como preceptúa o art. 23.3 LGS a resolución, “*ademais de conter a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto de solicitudes*”. No mesmo senso, se reflectiu na Base 11.9ª.

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das corenta (40) entidades as que se lle propón conceder subvención, para algún ou todos os Programas para os que solicitou axuda.

Así mesmo, como anexos ao presente informe, incorpóranse ao expediente:

- **Anexo II**: táboas coa proposta final por Programas (I, II e III)
- **Anexo III:** táboa coa proposta final por entidades

Proponse, por outra lado, **desestimar** ás solicitudes relacionadas nas táboas seguintes, xa que as mesmas non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria:

Das solicitudes achegadas, seguindo o disposto nas bases 2ª (*Requisitos dos Solicitantes*) e 6ª (*Desestimación das Solicitudes*) da norma reguladora das subvencións, acórdase propor a desestimación das solicitudes de tres (3) entidades, xa que as mesmas non están inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións, inscrición que, xunto ao cumprimento dos demais requisitos esixidos, habilitaba a concorrer nesta convocatoria pública:

| ***TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epigrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal)*** | | |
|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADES*** | ***REXISTRO E PROGRAMAS*** |
| G-36698686 | Asociación Folclórica e cultural ANDARELA | 170087018 (P.I)<br>170087019 (P.II)<br>170087021 (P.III) |
| G-36806693 | Asociación Aboal | 170084149 (P.II) |
| G-27823459 | Lameiro Compañia de Teatro | 170083892 |

Así mesmo, de conformidade coa Base 6ª.2, en relación coa Base 2ª.8 da convocatoria, proponse a **desestimación parcial** da solicitudes da Asociación de Veciños de Novo Vigo e AVC. Monte da Mina Castrelos, por existir no vixente orzamento municipal consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos programas subvencionados nesta convocatoria:

| ***TÁBOA 2 (Entidades con convenio nominativo para gastos de mantemento)*** | | | |
|---|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADES*** | ***PROGRAMA*** | ***REXISTRO*** |
| G-27771195 | Asociación de Vecinos de Novo Vigo | I | 170088382 |
| G-36623593 | A.V.C.D.”Monte da Mina” de Castre-los | I | 170087469 |

Por outra banda, conforme a base 8.4º, proponse aceptar de plano o desistimento das solicitudes do Programa III de obras presentadas polas seguintes entidades:

| ***TÁBOA 3 (Desistimento da solicitude do Programa III. Obras)*** | | | |
|---|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADES*** | ***PROGRAMA*** | ***MOTIVO*** |
| G-36842284 | A.V.V PLAZA DA MIÑOCA | III | Desistimento expreso |
| G-36684991 | A.VV As Fontes | III | Desistimento expreso |
| G-36640984 | A.VV As Nosas Rúas | III | Desistimento expreso |
| G-36640860 | A.VV Val do Fragoso | III | Desistimento expreso |

Unha vez retiradas as solicitudes indicadas nos parágrafos anteriores, optan a ser beneficiarias das subvencións as seguintes entidades:

| | **CIF** | **ENTIDADES BENEFICIARIAS** | **PROGRA-MAS** |
|---|---|---|---|
| 1 | G-27762434 | Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro | I-II-III |
| 2 | G-36648640 | A.V.C.S. San Miguel de Oia | I |

| | CIF | ENTIDADES BENEFICIARIAS | PROGRA-MAS |
|---|---|---|---|
| 3 | G-36709004 | A.V.  Doutor Fleming | I-III |
| 4 | G-36649325 | Asociación Veciñal “O Carballo” de Sárdoma | I-II-III |
| 5 | G-36651073 | A.V.C.D. De Cabral | I-II-III |
| 6 | G-36644904 | A.VV da Salgueira Rosalía de Castro | I |
| 7 | G-36648186 | A.V. Camiño Vello de Coia | I |
| 8 | G-36691855 | A.V.C.R. San Mamede de Zamáns | I-II-III |
| 9 | G-36659829 | A.V. De Coruxo | I-II |
| 10 | G-36842284 | A.V.V. Da Miñoca | I-II |
| 11 | G-36648103 | AVCD Sampaio | I |
| 12 | V-36655017 | A.V. Fonte do Galo | II-III |
| 13 | G-36645885 | A.VV Casco Vello | I-II |
| 14 | G-36623593 | A.V.C.D.”Monte da Mina” de Castrelos | III |
| 15 | G-36640860 | A.V. C.U. “Val do Fragoso” | I-II |
| 16 | G-36632081 | A.V.C.V- C.S.C.R de Beade | I-II-III |
| 17 | G-36648988 | A.V.C.D. “San Xurxo” Saians | I-II-III |
| 18 | G-36654036 | A.V. De Matamá “A Unión” | I-II-III |
| 19 | G-36659894 | A.V. De San Roque | I-II-III |
| 20 | G-36633618 | A.V.C.D. Lavadores | I-II-III |
| 21 | G-36640985 | A.V. “As Nosas Rúas” | I-II |
| 22 | G-36649374 | A.V. “Nosa Terra” Alcabre | I-II-III |
| 23 | G-36648608 | A.V. De Navia | I-II-III |
| 24 | G-36622793 | A.V.V Cristo da Victoria de Coia | I-III |
| 25 | G-36648996 | Asociación Cultural Recreativa Deportiva “Pardavila” | I-II-III |
| 26 | G-36972024 | Asociación Veciñal Curva de San Gregorio | II-III |
| 27 | G-27771195 | Asociación de veciños de Novo Vigo | II |
| 28 | G-36729796 | AVV. Feira Cabral | I-II-III |
| 29 | G-36690360 | A.VV Nosa Señora das Neves | I |
| 30 | G-36684991 | A.VV As Fontes de Vilar Gandarón | I |
| 31 | G-27749217 | A.VV. O Torreiro de Coia | I-II |
| 32 | G-36633428 | S.C.D.R  Helios- Bembrive | I-II-III |
| 33 | G-36620854 | S.C.D. Atlántida de Matamá | I-II-III |
| 34 | G-36628543 | A.C.D.Xestas | I-III |
| 35 | V-36658680 | C.C.R.de Cabral | I-II-III |

| | CIF | ENTIDADES BENEFICIARIAS | PROGRA-MAS |
|---|---|---|---|
| 36 | G-36617082 | C.C.R. De Valladares | I-II-III |
| 37 | G-36627495 | C.R.A.C.Coruxo | I |
| 38 | G-36863348 | U.V.C.D Candeán | I-II |
| 39 | G-36654184 | A.V.S.C.D O Freixo | I-II-III |
| 40 | G36648293 | A.VV do Calvario | I |

**PRAZO, FORMA E MODELOS DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS**

O prazo e forma de xustificación das subvencións rexerase polo disposto na Base 13ª da convocatoria, quedando as beneficiarias obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos e debendo presentar a conta xustificativa nos modelos oficiais aprobados (Anexos V, VI, VII, VIII.A) , VIII.B), IX.A e IX.B) xunto coa restante documentación especificada na devandita norma.

**ÓRGANO COMPETENTE**

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.
En virtude do disposto no art. 124.4.n) e ñ) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) correspóndelle ao Alcalde a autorización e disposición de gastos en materia da súa competencia (...) e as demais que lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

Non obstante o anterior, esta competencia foi obxecto de delegación na Xunta de Goberno Local, en virtude de resolución de Alcaldía de data 19/06/2015, que no seu apartado 1.1.e), dispón que lle corresponderá ao devandito órgano a "aprobación das bases reguladoras para a concesión de calquera tipo de subvención ou axudas municipais destinadas ó fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, así como a resolución dos procedementos incoados".

**RECURSOS**

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo os art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (PAC), os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). O recurso contencioso-administrativo non poderá interpoñerse ata a resolución

expresa ou desestimación presunta do recurso de reposición interposto. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA).

Á vista do exposto, de conformidade coa Base 11.8ª da norma reguladora da subvención, art. 23.3 da LSG e art. 124.4.n e ñ) da LRBRL, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

ACORDO:

**PRIMEIRO**: **CONCEDER,** de conformidade co art. 23.3 da LSG e Base Décimo Primeira.8), ás corenta (40) entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada "*Subvencións a entidades cidadás*", cunha dotación de 132.000 €, e/ou á partida presupostaria 9240 7800010, chamada "*Transferencias de Capital Asociacións*", dotada con 150.000,00 €, subvención en concepto de "Gastos de mantemento" (Programa I), "Gastos en investimento: equipamento" (Programa II) e/ou "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles" (Programa III), correspondentes á "*Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2017*", polo contía total que se reflicte a seguir:

| | CIF | ENTIDADE | PROXECTO | Total Ptos | Orzamento Programas | PROPOSTA FINAL CON REDONDEO | SUBVENCIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | G-27762434 | Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro | Gastos de mantemento: teléfono, luz, aluguer | 63 | 8.083,77 € | 3.678,31 € | **7.366,77 €** |
| | | | Equipamento informático, TV e teléfono | 57 | 4.926,00 € | 2.144,66 € | |
| | | | Conservación do local (pintado, instalación eléctrica, limpeza e reparacións) | 51 | 1.929,75 € | 1.543,80 € | |
| 2 | G-36648640 | A.V.C.S. San Miguel de Oia | Gastos de mantemento: luz; auga; teléfono; alarma; gasóleo;mantemento de extintores, lixo, limpeza, mantemento e pequenas avarías | 73 | 13.905,00 € | 4.262,17 € | **4.262,17 €** |
| 3 | G-36709004 | A.V. Doutor Fleming | Gastos de mantemento: teléfono; auga; luz; seguros;impostos; rexistro mercantil; comunidade; limpeza; mantemento extintores; franqueo cartas; mto. Equipos informático; avarías; cartelería, material de oficina e persoal administrativo | 63 | 7.644,08 € | 3.678,31 € | **5.400,71 €** |
| | | | Colocación de tarima flotante | 44 | 2.153,00 € | 1.722,40 € | |
| 4 | G-36649325 | Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma | Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono e internet; asesoria;seguro; limpeza; material oficina;mantemento extintores | 69 | 4.485,85 € | 4.028,63 € | **12.901,57 €** |
| | | | Ordenadores, cortinas e complementos do Salón de Actos | 72 | 4.196,66 € | 2.709,04 € | |
| | | | Adaptación rede eléctrica e iluminación | 85 | 14.691,84 € | 6.163,90 € | |
| 5 | G-36651073 | A.V.C.D. De Cabral | Gastos de mantemento: auga; electricidade; teléfono; seguros; impostos; xestoría; limpeza; material oficina; avarías e persoal | 85 | 17.407,77 € | 4.962,80 € | **11.750,66 €** |
| | | | Caixa forte | 60 | 261,38 € | 261,38 € | |
| | | | Instalación de elevador hidraulico | 90 | 31.617,30 € | 6.526,48 € | |
| 6 | G-36691855 | A.V.C.R. San Mamede de Zamáns | Gastos de mantemento: teléfono, ADSL; luz; gasóleo calefacción; seguro centro; seguro responsabilidade civil; taxa lixo;papelería | 66 | 6.525,63 € | 3.853,47 € | **7.939,40 €** |
| | | | Mesa de mezclas | 54 | 835,93 € | 835,93 € | |
| | | | Reparación Instalación eléctrica | 64 | 4.108,50 € | 3.250,00 € | |

| | CIF | ENTIDADE | PROXECTO | Total Ptos | Orzamento Programas | PROPOSTA FINAL CON REDONDEO | SUBVENCIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 7 | G-36842284 | A.V. Da Miñoca | Gastos de mantemento: teléfono, papelería, correos, seguros e xestoría | 66 | 2.533,00 € | 2.533,00 € | **5.580,67 €** |
| | | | Proxector, mobiliario de cociña | 81 | 5.016,94 € | 3.047,67 € | |
| 8 | G-36659829 | A.V. De Coruxo | Gastos de mantemento: teléfono, internet; seguro local e responsabilidade civil; asesoramento fiscal e xurídico, impostos e taxas; material oficina; correos; fotocopias e mantemento equipos | 66 | 3.851,40 € | 3.500,00 € | **6.058,54 €** |
| | | | Equipamento informático, impresora-fotocopiadora | 68 | 4.942,23 € | 2.558,54 € | |
| 9 | G-36648103 | A.V.C.D. Sampaio | Gastos de mantemento: auga, luz, tlf e internet, alarma, impostos, seguros, ferraxería, papelería e pequenas avarias | 61 | 7.770,00 € | 3.561,54 € | **3.561,54 €** |
| 10 | G-36645885 | A.V Casco Vello | Gastos de mantemento: teléfono; asesoría;seguros;limpeza; correos; gastos oficina; seguridade; mantemento xeral, mantemento web e redes sociais, persoal | 85 | 10.023,20 € | 4.962,80 € | **7.859,97 €** |
| | | | Impresora-Fotocopiadora | 77 | 5.908,43 € | 2.897,17 € | |
| 11 | G-36640860 | A.V. C.U. "Val do Fragoso" | Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; alarma; ascensor; seguro responsabilidade civil; asesoría; mantemento extintores, limpeza | 51 | 5.168,62 € | 2.977,68 € | **3.438,48 €** |
| | | | Caixa autoamplificada, altofalante e cableado para equipo de son | 32 | 460,80 € | 460,80 € | |
| 12 | G-36632081 | A.V.C.V- C.S.-C.R de Beade | Gastos de mantemento: luz, telefonía, auga, seguro, asesoría, limpeza, material, fotocopiadora, mantemento e avarias, persoal | 95 | 31.736,22 € | 5.000,00 € | **14.568,69 €** |
| | | | impresora, kit robotica, discos duros, tarxetas gráficas, armario-estanteria, cámara e capturador de video | 77 | 3.335,97 € | 2.897,17 € | |

| | CIF | ENTIDADE | PROXECTO | Total Ptos | Orzamento Programas | PROPOSTA FINAL CON REDONDEO | SUBVENCIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Pintado parcial da Asociación | 92 | 19.919,80 € | 6.671,52 € | |
| 13 | G-36648988 | A.V.C.D. “San Xurxo” Saians | Gastos de mantemento: electricidade; telefonía; auga; gas; seguros Resp. Civil e colectividades; mantemento da fotocopiadora, extintores e caldeira; asesoría laboral e xurídica;IBI; gastos persoal | 69 | 6.082,65 € | 4.028,63 € | **12.240,72 €** |
| | | | Ordenador, mesas, cadeiras, equipo de luz, altofalantes e toldo | 66 | 4.956,31 € | 2.483,29 € | |
| | | | Reformas: obras de alicatado de paredes e pintura, traballos de reposición de materiais e fontanería | 79 | 16.737,53 € | 5.728,80 € | |
| 14 | G-36654036 | A.V. De Matamá “A Unión” | Gastos de mantemento: Teléfono; electricidade;seguro; limpeza; extintores, pequenas avarias, material oficina | 69 | 4.350,00 € | 4.028,63 € | **10.311,78 €** |
| | | | Disco duro, mobiliario almacenamento, cadeiras plegables, equipo de son, trade e cortinas | 67 | 3.260,00 € | 2.520,91 € | |
| | | | Marquesina , mellora enerxética (cambio de portas e ventás), armario empotrado | 71 | 4.702,80 € | 3.762,24 € | |
| 15 | G-36659894 | A.V. De San Roque | Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; comunidade; impostos ; seguro local, responsabilidade civil, limpeza, material funxible, recarga extintor, tarxeta pc, cartelería, reposición luces led | 68 | 7.040,30 € | 3.970,24 € | **9.910,38 €** |
| | | | Fotocopiadora multifunción, barras para exposición, equipo son, máquina remalladora, termos e material pilates | 56 | 1.444,12 € | 1.444,12 € | |
| | | | Reformas no salón de actos: alicatado, colocación de zócalo e pintura | 62 | 6.350,12 € | 4.496,02 € | |
| 16 | G-36633618 | A.V.C.D. Lavadores | Gastos de mantemento: teléfono; auga; luz; EUI; IBI; asesoria; mantemento-avarías | 80 | 9.259,44 € | 4.670,87 € | **13.729,21 €** |

| | CIF | ENTIDADE | PROXECTO | Total Ptos | Orzamento Programas | PROPOSTA FINAL CON REDONDEO | SUBVENCIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Ordenadores, mesas, cadeiras, Tvs, lavadora e equipamento cociña | 75 | 7.708,34 € | 2.821,92 € | |
| | | | Reformas e conservación das instalacións (reparacións e pintado, luces led e aspersores.) | 86 | 14.734,10 € | 6.236,42 € | |
| 17 | G-36640985 | A.V. "As Nosas Rúas" | Gastos de mantemento: Auga; teléfono; comunidade; luz; asesoría; seguro; correos;limpeza | 64 | 8.592,22 € | 3.736,70 € | **4.319,70 €** |
| | | | Ordenador, micrófono | 40 | 583,00 € | 583,00 € | |
| 18 | G-36649374 | A.V. "Nosa Terra" Alcabre | Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; alarma; material oficina; seguro local; revisión extintores | 65 | 5.738,64 € | 3.795,08 € | **8.749,79 €** |
| | | | Equipamento cociña, material deportivo, material informático, altofalantes, calculadora | 52 | 1.297,03 € | 1.297,03 € | |
| | | | Reformas e conservación local | 57 | 4.572,10 € | 3.657,68 € | |
| 19 | G-36648608 | A.V.Emilio Crespo de Navia | Gastos de mantemento : xornais, fotocopias, lixo, teléfono/internet, auga, páxina web, luz, correos,imprenta, material de oficina, seguros, asesoría, reparacións eléctricas, accesorios aseos, revisión extintores e gastos de persoal | 73 | 8.270,00 € | 4.262,17 € | **10.960,46 €** |
| | | | Armario metálico, destrutora papel, tambor prolongación cable eléctrico, equipamento sala pilates | 49 | 1.042,00 € | 1.042,00 € | |
| | | | Obras de conservación( impermabilización, barandas, ventá, portas e pintado baranda exterior) | 78 | 11.830,82 € | 5.656,29 € | |
| 20 | G-36622793 | A.V Cristo da Victoria de Coia | Gastos de mantemento: Auga; luz; gas; tlf e internet; ferretería; seguro; material oficina; mantemento fotocopiadora; mantemento alarma | 60 | 8.631,30 € | 3.503,15 € | **7.854,14 €** |
| | | | Reformas interiores | 60 | 12.741,03 € | 4.350,99 € | |
| 21 | G-36648996 | Asociación Cultural Recreativa Deportiva "Pardavila" | Gastos de mantemento: electricidade; auga; telefonía; internet; lixo; seguro, asesoria; alarma; consumibles impresora; prensa | 58 | 3.536,34 € | 3.386,38 € | **8.938,92 €** |
| | | | Mesas, tambor, funda e baqueta | 53 | 548,90 € | 548,90 € | |
| | | | Reformas interiores: albanelería, pintura e electricidade | 69 | 7.917,99 € | 5.003,64 € | |
| 22 | G-36729796 | AVV. Feira | Gastos de mantemento: | 52 | 3.354,93 € | 3.036,06 € | **8.720,39 €** |

| | CIF | ENTIDADE | PROXECTO | To-tal Ptos | Orzamento Programas | PROPOSTA FINAL CON REDONDEO | SUBVENCIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Cabral | auga;gas, luz, teléfono, seguros, lixo, mantemento e reparación Pcs | | | | |
| | | | Estanteria, cadeiras, proxector, deshumificador, secamans | 47 | 1.695,93 € | 1.695,93 € | |
| | | | Forrado de paredes do auditorio | 55 | 10.520,25 € | 3.988,40 € | |
| 23 | G-36690360 | A.VV Nosa Señora das Neves | Gastos de mantemento: auga,gas natural fenosa, lixo, material limpeza, papelería, pequenas avarías | 44 | 814,00 € | 400,00 € | **400,00 €** |
| 24 | G-36633428 | S.C.D.R Helios- Bembrive | Gastos de mantemento: luz, teléfono, auga, imposto lixo, seguros, xestoria, limpeza, pequenas avarías e reposicións | 64 | 6.420,17 € | 3.736,70 € | **5.433,57 €** |
| | | | Ordenador, tableros, espuma para bafles e cableados varios. | 51 | 1.523,39 € | 1.523,39 € | |
| | | | Pintado das instalacións | 38 | 216,86 € | 173,48 € | |
| 25 | G-36620854 | S.C.D. Atlántida de Matamá | Gastos de mantemento: electricidade, teléfono, auga, alarma, seguros, lixo,IBI, xestoria, publicidade, correos, material de oficina, fotocopias | 71 | 14.647,11 € | 4.145,40 € | **9.565,31 €** |
| | | | Impresoras, mobiliario para aulas | 59 | 5.454,55 € | 2.219,91 € | |
| | | | Reparación de ventas e pintado do local social | 46 | 4.000,00 € | 3.200,00 € | |
| 26 | G-36628543 | A.C.D.Xestas | Gastos de mantemento: luz,tlf e internet, alarma, seguro, ibi, gasoil, reparacións | 48 | 5.913,00 € | 2.802,52 € | **5.413,11 €** |
| | | | Reformas e conservación (fontaneria, electricidade, pintura e cambio de motores pozos de auga | 36 | 3.987,85 € | 2.610,59 € | |
| 27 | V-36658680 | C.C.R.de Cabral | Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono; gasoil; seguros; lixo; asesoría; reparación ordenadores; limpeza; material de oficina | 65 | 9.654,32 € | 3.795,08 € | **10.586,26 €** |
| | | | Equipamento escénico | 61 | 6.050,00 € | 2.295,16 € | |
| | | | Montaxe aire acondicionado | 62 | 6.928,47 € | 4.496,02 € | |

| | CIF | ENTIDADE | PROXECTO | Total Ptos | Orzamento Programas | PROPOSTA FINAL CON REDONDEO | SUBVENCIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Reparacións e pintado instalacións | | | | |
| 28 | G-36617082 | C.C.R. De Valladares | Gastos de mantemento: gas natural fenosa, tlf, mantemento equipos informáticos | 70 | 5.450,00 € | 4.087,01 € | **12.742,40 €** |
| | | | Armarios, microfonía, cableado, elementos de iluminación, máquina de xeo, proxectores e toldo | 72 | 6.309,85 € | 2.709,04 € | |
| | | | Reformas no auditorio (substitución parqué, estrutura desmontable, pintura), sala de control e substitución de pisos de linolio/sintasol | 82 | 18.757,31 € | 5.946,35 € | |
| 29 | G-36627495 | C.R.A.C. Coruxo | Gastos de mantemento: auga: prensa; luz; extintores; teléfono; internet; gasóleo; lixo; seguros; IBI; limpeza; correos; material oficina; cartelería, imprenta; pequenas avarías | 70 | 12.235,29 € | 4.087,01 € | **4.087,01 €** |
| 30 | G-36863348 | UVCD Candeán | Gastos de mantemento: auga, luz, teléfono, gasoil, seguros, asesoría, lixo e pequenas avarías | 79 | 15.000,00 € | 4.612,49 € | **6.982,90 €** |
| | | | Cadeiras, equipo aire acondicionado | 63 | 3.157,00 € | 2.370,41 € | |
| 31 | G-36654184 | AVSCD. O Freixo | Gastos de mantemento: teléfono, luz, lixo,Seguros, material de oficina, cambio luces led e pequenas reparacións | 60 | 7.622,99 € | 3.503,15 € | **7.620,96 €** |
| | | | Software xestión e equipo de son | 46 | 1.445,00 € | 1.445,00 € | |
| | | | Pintado das instalacións exteriores | 47 | 3.341,02 € | 2.672,81 € | |
| 32 | G-36648293 | A.V. Do Calvario | Gastos de mantemento: luz, auga, teléfono, correos material de oficina, extintores, seguros, impostos, comunidade, tesourería, Asesoría. | 61 | 5.969,00 € | 3.561,54 € | **3.561,54 €** |

| | CIF | ENTIDADE | PROXECTO | Total Ptos | Orzamento Programas | PROPOSTA FINAL CON REDONDEO | SUBVENCIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 33 | G-36644904 | A.VV Rosalía de Castro da Salgueira | Gastos de mantemento: luz, teléfono, auga, lixo, seguros, mantemento da impresora-fotocopiadora | 60 | 8.354,00 € | 3.503,15 € | **3.503,15 €** |
| 34 | G-36648186 | A.V. Camiño Vello de Coia | Gastos de mantemento: teléfono e internet, auga, gas, luz, seguro, prensa, limpeza, fontanería, cartelería e material de oficina. | 53 | 7.048,00 € | 3.094,45 € | **3.094,45 €** |
| 35 | G-36684991 | AVV. As Fontes | Gastos de mantemento: teléfono, seguro, alarma, asesoria, IBI, Lixo, limpeza e reparacións (humidades e ventás) | 50 | 5.018,00 € | 2.919,29 € | **2.919,29 €** |
| 36 | G-27749217 | A.VV. O Torreiro de Coia | Gastos de mantemento: luz, auga, teléfono, seguro, lixo, xestoría, aluguer, gastos de xestión e persoal | 40 | 4.588,78 € | 2.335,43 € | **3.033,43 €** |
| | | | Cañón proxecto, ordenador | 29 | 698,00 € | 698,00 € | |
| 37 | V-36655017 | A.V. Fonte do Galo | Ordenadores, monitores, mesas plegables | 53 | 2.036,00 € | 1.994,15 € | **4.491,54 €** |
| | | | Renovación das portas corredeiras II | 56 | 3.121,74 € | 2.497,39 € | |
| 38 | G-36623593 | A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos | Arranxo bordos do aparcadoiro | 62 | 7.125,13 € | 4.496,02 € | **4.496,02 €** |
| 39 | G-36972024 | Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio | Equipo de calefacción aerotermo | 52 | 538,89 € | 538,89 € | **5.687,56 €** |
| | | | Obras de acondicionamento do local social | 71 | 21.633,69 € | 5.148,67 € | |
| 40 | G-27771195 | Asociación de veciños de Novo Vigo | Impresora, ordenador, escaleira, mesas, lona | 52 | 2.391,06 € | 1.956,53 € | **1.956,53 €** |

| | CIF | ENTIDADE | PROXECTO | To-tal Ptos | Orzamento Programas | PROPOSTA FINAL CON REDONDEO | SUBVENCIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | TOTAL | **281.999,69 €** |

**SEGUNDO**: **DESESTIMAR**, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG e Base 6ª.2, ás 3 entidades que se relacionan, a súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias, en concreto, por non estar inscritas a asociacións solicitantes no RMA ou por non estas inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 daquel, que segundo as Bases primeira, apartado d) e segunda habilitaban para concorrer nesta convocatoria pública :

| ***TÁBOA 1 (Non inscritas no RMA. Epigrafes 10.1-10.5 como entidades de carácter veciñal)*** | | |
|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADES*** | ***REXISTRO E PROGRAMAS*** |
| G-36698686 | Asociación Folclórica e cultural ANDARELA | 170087018 (P.I)<br>170087019 (P.II)<br>170087021 (P.III) |
| G-36806693 | Asociación Aboal | 170084149 (P.II) |
| G-27823459 | Lameiro Compañia de Teatro | 170083892 |

**TERCEIRO: DESESTIMAR parcialmente**, de conformidade coa Base 6ª.2, en relación coa Base 2ª.8 da convocatoria, proponse a desestimación parcial da solicitudes da Asociación de Vecinos de Novo Vigo, AVC. Monte da Mina Castrelos, por existir no vixente orzamento municipal consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos programas subvencionados nesta convocatoria:

| ***TÁBOA 2 (Entidades con convenio nominativo para gastos de mantemento)*** | | | |
|---|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADES*** | ***PROGRAMA*** | ***REXISTRO*** |
| G-27771195 | Asociación de Vecinos de Novo Vigo | I | 170088382 |
| G-36623593 | A.V.C.D."Monte da Mina" de Castrelos | I | 170087469 |

**CUARTO**: aceptar de plano o DESISTIMENTO das solicitudes do Programa III de obras presentadas polas seguintes entidades:

| ***TÁBOA 3 (Desistimento da solicitude do Programa III. Obras)*** | | | |
|---|---|---|---|
| ***CIF*** | ***ENTIDADES*** | ***PROGRAMA*** | ***MOTIVO*** |
| G-36842284 | A.V.V PLAZA DA MIÑOCA | III | Desistimento expreso |

| | | | |
|---|---|---|---|
| G-36684991 | A.VV As Fontes | III | Desistimento expreso |
| G-36640984 | A.VV As Nosas Rúas | III | Desistimento expreso |
| G-36640860 | A.VV Val do Fragoso | III | Desistimento expreso |

**QUINTO**: **NOTIFICAR** o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

**SEXTO: INFORMAR**, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, das subvencións tramitadas e outorgadas, referindo as bases reguladoras das subvencións, convocatoria, identificación das beneficiarias e contía outorgada.

**SÉTIMO: ORDEAR,** aos efectos do disposto no art. 20 da LSG, e publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en aplicación dos principios recolleitos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aprobadas as subvencións concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida o obxectivo e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

**OCTAVO**: ***AMPLIAR*** *o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo terceira das bases, ata o día* ***31 de outubro de 2017****.* [...]

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(1066).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DE 2017. EXPTE. 8730/307.**

Dáse conta do informe de data 2/10/17, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Seguindo as instruccións municipais sobre contratos menores, este servizo de Patrimonio Histórico propón **dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o terceiro trimestre de 2017**. Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa econonómicamente ou á única que se presentou e, por razóns operativas do servizo e en atención ó obxecto do contrato, tramitáronse dous Rcs xenéricos:

| n.º expte (307) | concepto | adxudicatario | Importe (euros) |
|---|---|---|---|
| 8635 | Mantemento de edificacións e equipamentos adscritos a Patrimonio Histórico | RC xenérico | 7000 |
| 8696 | Acto inaugural mural EXPOSTAS | Vanesa Álvarez Díaz | 3906,96 |
| 8717 | Mantemento e reparación pequena maquinaria e ferramentas | RC xenérico | 1500 |
| 8651 | Revisión e actualización proxecto básico rehabilitación pazo Raposeira | Emilio Estévez Fernández | 4840 |
| 8624 | Soporte técnico para actividades no CIMR de representación histórica | Sonido Collazo | 4477 |
| 8632 | Subministración nova cartelería para xardín histórico Castrelos para posta en valor patrimonio etnográfico | Estela arqueoloxía e patrimonio | 14662,78 |
| 8668 | Redacción proxecto sondaxes arqueolóxicas previas para posta en valor fortaleza de O Castro | Adro arqueoloxía sl | 2569,99 |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**17(1067).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2017 (XULLO, AGOSTO E SETEMBRO). EXPTE. 55991/212.**

Dáse conta do informe de data 4/10/17, asinado polo intendente xefe da Policía Local e o concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

En cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a relación de contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao terceiro trimestre do ano 2017 (xullo, agosto e setembro), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, según anexo.

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2017 (XULLO, AGOSTO E SETEMBRO):

| Expte. | Partida | CM | Asunto | Adxudicatario | Data Decreto | Data Rc | Importe/€ |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 54595/212 | 1320.2279906 | SER | Mellora cobertura sinal comunicacións interior Xefatura Policía | TELGA COMUN. SL | 19/07/17 | 03/08/17 | 5638,36 |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 54864/212 | 1320.2219900 | SUB | Material operatividade Atestados | DRAGER SAFETY HISPANIA | 12/07/17 | 12/07/17 | 4098,28 |
| 55779/212 | 1320.2200101 | SUB | Material didáctico educación vial | ANA Mª COSTAS CARBAJAL | 25/09/17 | 22/09/17 | 2528,90 |
| 55807/212 | 1320.2330000 | SER | Curso autoprotección mulleres | ADOLFO HERMIDA ARAUJO E OUTRO | 25/09/17 | 28/09/17 | 1920,00 |

**Acordo**
A Xunta de Goberno local queda informada.

**18(1068).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DOS EFECTIVOS MUNICIPAIS CO Nº.P. 79131 E 80549 AO MÁSTER UNIVERSITARIO EN LIDERAZGO E DIRECCIÓN PÚBLICA CONVOCADO POLO INAP E A UNIVERSIDADE INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO. EXPTE. 30702/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 3/10/17, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:
O Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) en colaboración coa Universidad Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) convocou o Master Universitario Oficial en Liderazgo e dirección Pública, a desenvolver durante o curso académico correspondente ao bienio 2017-2019 na modalidade semipresencial, segundo programa adxunto.

O Máster universitario oficial en Liderazgo e Dirección Pública convócase ao obxecto de ser unha referencia para a formación de directivos públicos en institucións públicas e privadas.
Enmarcado dentro do Plan Estratéxico do INAP, gracias á alianza académica acadada coa UIMP, a través do mesmo téntase facilitar, con carácter xeral, o desenvolvemento profesional dos directivos públicos e de cualificar aos que desexen selo, ademáis de promover a creación de redes que fomenten o debate e o espíritu innovador dos directivos.
O obxetivo do máster é formar empregados públicos de alto nivel para desenvolver habilidades directivas e analíticas, que lles permitan abordar, de xeito creativo e innovador, o liderazgo e a xestión dos asuntos públicos para afrontar os retos requiridos polos novos estilos de goberno relacional.
O Master indicado ten por potenciais destinatarios os seguintes:

- Empregados públicos da Administración General do Estado e os seus organismos públicos, das Comunidades Autónomas e universidades.
- Empregados públicos da Administración local.
- Empregados públicos iberoamericanos ou de outros países, que ocupen cargos de responsabilidade no sector público.

Dita actividade está estructurada en 60 créditos ECTS, arredor dun tronco común de 46 créditos obrigatorios (10 materias) e 8 créditos optativos (dúas asignaturas de 4 créditos a elixir polo estudiante). O Traballo de Fin de Máster ten unha duración de 6 créditos.
A superación do plan de estudios permitirá obter o título oficial de Máster Universitario en Liderazgo e Dirección Pública pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Tal formación de alto nivel preséntase baixo dúas modalidades de impartición:

- Modalidade presencial a tempo completo.
- Modalidade semipresencial a tempo parcial, de xeito tal que os estudiantes que o realicen nesta modalidade o cursarán na sede do INAP en Madrid en catro cuatrimestres, rematando en maio-xuño do ano 2019.

MOTIVACIÓN:
En atención aos contidos docentes indicados, así como ás responsabilidades dos posto de traballo que as funcionarias municipais Dª Margarita Parajó Calvo, con nº de persoal 79.131 -Titular da Asesoría Xurídica Municipal do Concello- e Dª Mª Del Carmen Pazos Area, Xefa do Servizo de inspección de tributos e colaboradora da Asesoría Xurídica Municipal, con nº de persoal 80.549, desenvolven no Concello de Vigo a nivel directivo especializado; e dende a óptica do carácter estratéxico que dentro da organización municipal do Concello de Vigo ten a implicación das mesmas nos procesos internos de simplificación e mellora internos, así como de modernización e transformación da Administración Municipal de Vigo -formando parte da Comisión Técnica do Plan de Modernización constituido por Acordo da Xunta de Goberno Local de 04/11/2016- esta Concellería estima altamente recomendable a participación das funcionarias indicadas na actividade formativa oficial, que sen dúbida dotará de coñecementos ao máximo nivel acadable no ámbito da Dirección pública e do liderazgo organizacional, redundando os coñecementos que se adquiran na mellora da calidade do servizo público que se presta dende o Concello de Vigo.

Aos efectos de conciliar a debida prestación do servizo público, as funcionarias citads manifestan por es crito o seu compromiso de desempeñar as súas funcións de xeito remoto, a través dos sistemas electrónicos do Concello, de xeito tal que, sendo interese da Corporación a asistencia das mesmas á dita formación directiva, non se merme o desempeño das funcións que ambas teñen asignadas, facilitándoa a través dos sistemas de *smart working.*

Dese xeito, e ao estar en situación de servizo activo, desenvolvendo as súas funcións de xeito remoto desde os terminais corporativos municipais, estarase a simultanear traballo con formación, nos momentos e datas puntuais en que se requira o desprazamento ao INAP.

COMPETENCIA:
Á vista do acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegacións competenciais nos concelleiros/as delegados/a de Área (apartado Segundo, punto 6) corresponde -por defectoe en aplicación do previsto no artigo 127.1, apartados g) e h) á Xunta de Goberno Local autorizar as comisións de servizos do persoal adscrito á súa área cando sexan superiores a dous días, e, conseguintemente, a autorización do gasto en materias da súa competencia,

FISCALIZACIÓN DO GASTO PROPOSTO:

Resulta preceptiva a previa fiscalización previa consonte ao previsto nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundo da Lei reguladora das facendas locais.

O importe a aboar en concepto de matrículas é de 1.085 euros por efectivo o primero ano, e de 1.050 euros por efectivo o segundo ano de curso; devengando as indemnizacións por razón do servizo que procedan, consonte á normativa de aplicación, ao estar os efectivos citados conectados por medios electrónicos en todo momento co Concello, desenvolvendo

as súas funcións de xeito remoto desde os terminais corporativos municipais, tal e como se describiu a motivación; e, conseguintemente, en situación de comisión de servizos de carácter temporal fora do termo municipal.

En consecuencia, e á vista do anteriormente exposto, e previa a emisión dos informes que procedan, elévase á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Autorizar a participación dos efectivos municipais con nº de persoal 79.131 e 80.549, no Máster universitario oficial en Liderazgo e Dirección Pública convocado polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) en colaboración coa Universidad Internacional Menéndez Pelayo (UIMP) a desenvolver durante o curso académico correspondente ao bienio 2017-2019, na modalidade semipresencial, segundo programa adxunto, e conforme aos informes emitidos no presente expediente.
SEGUNDO.- Autorizar libramento a xustificar por importe de 1.085, 61 euros en concepto de matrícula no curso 2017-2018 a favor do efectivo municipal con nº de persoal 79.131, con cargo á aplicación orzamentaria 9201.162.0001 dos vixentes Orzamentos Municipais.

TERCEIRO.- Autorizar libramento a xustificar por importe de 1.085, 61 euros en concepto de matrícula no curso 2017-2018 a favor do efectivo municipal con nº de persoal 80.549, con cargo á aplicación orzamentaria 9201.162.0001 dos vixentes Orzamentos Municipais.

CUARTO.- Autorizar o gasto que se efectúe para o curso 2018-2019 polos efectivos municipais con nº de persoal 79.131 e 80.54, por importe de 1.050 euros en concepto de matrícula, respectivamente e apra cada un deles, nos termos do informe de fiscalización emitido ao presente expediente.

QUINTO.- Dispoñer que o libramento a xustificar indicado no parágrafo anterior se faga efectivo na conta restrinxida de pagos aperturada na Tesourería Municipal, con nº c/c 20805000683110288501, en favor dos efectivos indicados, con nºs de persoal 79.131 e 80.549, respectivamente.

SEXTO.- Autorizar a comisión de servizos de carácter temporal dos efectivos municipais para as datas de celebración das sesións presenciais a celebrar na sede do INAP, C/ Atocha 106, Madrid, establecendo expresamente a obriga de utilización dos medios electrónicos e aplicacións municipais que permitan o normal desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo de destino durante os desprazamentos que se efectúen, aos efectos do cal os gastos susceptibles de devengarse axustaranse ao previsto no RD 462/2002, do 24 de maio, e normativa de concordante aplicación.

SÉTIMO.- Notificar o presente acordo aos efectivos afectados, á Intervención Xeral Municipal e Tesourería Municipal para coñecemento e efectos."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(1070).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE SETEMBRO DE 2017. EXPTE. 1995/341.**

Dáse conta do informe de data 5/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e Museos Quiñones de León (337) no mes de SETEMBRO, e que son os que deseguido se relacionan:

SETEMBRO 2017

| CENTRO OU SERVIZO | CONCEPTO | DATA | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| MUSEO QUIÑONES (337) | Expte. 6102/337. Contrato menor de obras de reparación de cobertas da área técnica-administrativa do Museo Quiñones de León. MARS, S.C.G. RCM 86734. | 06/09/17 | 4.477,00 € |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**20(1071).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA CAMILO JOSÉ CELA". EXPTE. 3472/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5/10/17, dáse conta do informe-proposta do 4/10/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orcamentaria nº 41/2007, crédito exptraordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a a plicación orzamentaria 1532.619.00.64 "Humanización Rúa Camilo José Cela, entre Coruña e Chano Piñeiro" con un importe de 667.439,87 euros

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 19 de novembro de 2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 4.145,42 € para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de Soltec Ingenieros, S.L.

3. O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez e o Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de SEISCENTOS SESENTA E SETE MIL CATROCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (667.439,87 €) e data DECEMBRO de 2016.

4. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 27/06/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 28/06/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación se desenrola no tramo da rúa Camilo José Cela, comprendido entre Chano Piñeiro e Coruña, comprende as seguintes actuacións:

Redistribución dos espazos e servizos, con renovación completa dos pavimentos. Tramo de actuación de aproximadamente 115 m de lonxitude 1913,63 m2 de superficie.

Renovación da rede de abastecemento de auga existente formada por tubaxe de fibrocemento de diámetro 100 mm e fundición antiga, por Fundición Dúctil de diámetro 100 mm. Instalada preferentemente baixo beirarrúa.

Conexión da rede separativa pluviales deseñada para a rúa Camilo José Cela no aliviadoiro existente na rúa Coruña a altura do número 72. Tramo de actuación de aproximadamente 40 m de lonxitude e 36 m2 de superficie.

Mellora da mobilidade e accesibilidade mediante a instalación de semaforización, vados peonís e sinalización á altura do número 72 da rúa Coruña. Tramo de actuación de aproximadamente 80 m2 de superficie.

Incorporación de rede de Rego cun sistema por goteo para os alcorques, xardineiras e refuxio de contenedores proxectados.

Renovación completa do sistema de alumado, con incorporación de novos báculos, grupos ópticos, canalizacións e liñas de alumado.

Redistribución de alcorques existentes, con incorporación de novo arborado e incorporación de zonas verdes acotadas en xardineiras.

Revisión, ampliación e incorporación de nova sinalización e mobiliario urbano.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SETE meses.

**6. A técnica de Obras Públicas,** con data 3 de outubro de 2017 informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.-** A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reune o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de “HUMANIZACIÓN DA RÚA CAMILO JOSÉ CELA de data decembro de 2016, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Manuel Cameáns Rodríguez e o Enxeñeiro Industrial D. Daniel prieto Renda, cun orzamento base de licitación, máis IVE, de DSEISCENTOS SESENTA E SETE MIL CATROCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (667.439,87 €).

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(1072).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR JOSÉ FRAU RUÍZ, ENTRE RÚAS ALVARO CUNQUEIRO E LÓPEZ MORA”. EXPTE. 3494/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5/10/17, dáse conta do informe-proposta do 4/10/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orcamentaria nº 41/2007, crédito exptraordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se

contempla a a plicación orzamentaria 1532.619.00.65 “Humanización José Frau” con un importe de 596.545 euros

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 8 de agosto de 2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 11.764,70 € para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de Estudio A. Moreno, S.L.

3. O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CINCOCENTOS NOVENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS COARENTA E CINCO EUROS(596.545 €) e data XUÑO DE 2017.

4. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 08/08/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 09/08/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación se desenrola no tramo da rúa Pintor José Frauz comprendido entre Álvaro Cunqueiro e López Mora, comprende as seguintes actuacións:

- Prevese un sistema separativo para a rede de saneamento. Para a rede de fecais contémplase a rehabilitación das tubaxes de 600 mm existentes mediante encamisado con manga continua autoportante. As tubaxes de pluviais serán de P.V.C., de 315 mm de diámetro.
- Levarase a cabo o fresado da calzada, e estenderase unha nova capa de rodadura de 6 cm, de MBC tipo AC-16 SURF D. Previamente á extensión da MBC da capa base, dispoñerase un rego de imprimación.
- O bordo a colocar será do tipo granito branco mera con chaflán. O pavimento de lousas de granito en beirarrúas gris alba seleccionado con acabado flamexado, de 60x40 cm. e 6 cm. de espesor, colocarase sobre base de formigón en masa con formigón HM-20 N/mm2 de 15 cm. de espesor. A Humanización dispón dunha extensión en pavimentos de 924,52 metros cadrados.
- No alumeado público utilizaranse luminarias modelo SPL, de 9,00 m. de altura, da casa Setga ou similar, con dous brazos. As luminarias serán modelo Lined de Setga ou similar.
- Como mobiliario urbano prevese dous bancos, dous papeleiras e vinte e catro alcorques, así como diversas xardineiras, cun total de 31 novas plantacións (Ligustrum Lucidum Ecelsum Supurbum, cipreses e olivos tipo bonsái).
- Proxéctase a instalación, ao longo de toda a rúa, dunha posta en valor da obra do Pintor José Frau Ruíz, impresas sobre vinilo adhesivo, que irán pegadas sobre vidro e montadas sobre un marco de aceiro inoxidable.

Esta posta en valor estarán representados en varios planos, de tal xeito que para a súa observación haberá que contar cunha ilusión óptica. A impresión irá en distintos planos, unha parte en vertical, apoiada na xardineira, e outra horizontal, encaixada e a nivel co chan; de tal forma que se poderá observar alineado, e na súa proporción real, desde un punto de vista concreto, ao longo das beirarrúas.
Terán un marco de aceiro inoxidable e albergarán no seu interior unha caixa de luz, para a retroiluminación dos elementos, con tiras continuas de leds que irán conectadas ao alumado público. Estos elementos irán en distintos formatos: ben incrustado en xardineira e chan, apoiado en jardinera de pedra existente e apoiado en xardineira en tres planos.
Proxéctase unha escultura tipo busto, do Pintor José Frau Ruiz, realizada en pedra e en aceiro inoxidable con información sobre o artista en relevo, en Braille e en código QR.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS meses.

6. O Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos, con data 3 de outubro de 2017 informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reune o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR JOSÉ FRAU RUÍZ, ENTRE AS RÚAS ALVARO CUNQUEIRO E LÓPEZ MORA, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CINCOCENTOS NOVENTA E SEIS MIL CINCOCENTOS COARENTA E CINCO EUROS(596.545 €) e data XUÑO DE 2017.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(1072).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA. FASE IL”. EXPTE. 4838/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4/10/17, o informe de fiscalización do 10/10/17 e o informe-proposta de data 10/10/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- En data 17.08.2017 o Alcalde-Presidente resolveu aproba-lo expediente de Modificación Orzamentaria 63/17, coa finalidade de dar cobertura aos proxectos da estratexia DUSI Vigo Vertical, transferindo o crédito da aplicación 1532.619.00.02 co proxecto 17153202 cun importe de 440.000,00 €, a aplicación 1539.619.00.50 co proxecto 17153950. Así mesmo procedeuse a apertura con saldo "cero" da aplicación orzamentaria "1539.619.00.02- MELLORA VIGO VERTICAL: 2ª FASE HUMANIZACIÓN MARQUES DE VALTERRA", vinculándose a mesma co proxecto co número "17153902".

A mesma modificación contempla a modificación do proxecto de gastos con minoración dun importe de 440.000,00 € do crédito do proxecto 17153950, para realizar unha modificación do proxecto de gastos por aumento de 440.000,00 € para dotar de crédito o novo proxecto 17153902

Polo tanto a aplicación "1539.619.00.02- MELLORA VIGO VERTICAL: 2ª FASE HUMANIZACIÓN MARQUES DE VALTERRA", vinculada co proxecto 17153902" atopase co crédito de 440.000,00 € .

2º- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3.388/443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 10.08.2017, sendo rectificado un erro material no nome do redactor no punto 3 do dito acordo en XGL de data 29.08.2017, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

**a)** O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 10.08.2017, sendo rectificado un erro material no nome do redactor no punto 3 do dito acordo en XGL de data 29.08.2017, correspondese co expediente administrativo 3.388/443, que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polo Enxeñeiro Camiños, Canais e Portos D. Carlos Antonio González Cabrera.

**b)** Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal, e o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 16.08.2017

**c)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 17.08.2017

**d)** Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipais con data 18.08.2017.

**e)** Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 05.09.2017.

f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 05.09.2017.

**g)** Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 20.09.2017.ç

**h)** Dilixencia do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de Fomento de data 04.10.2017 indicando dúas subsanacións no PCAP, na aplicación orzamentaria e na data prevista de inicio do contrato

**i)** Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 04.10.2017

**j)** Informe favorable da Asesosía Xurídica de data 04.10.2017

**II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

**Terceiro.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Este proxecto e susceptible de cofinanciarse polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun porcentaxe máximo do 80% - Proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, de acordo coa Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, publicada con data 14 de decembro de 2016, no Boletín Oficial do Estado, nº 301, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

**Cuarto.-** No expediente xustificase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

**Quinto.-** A Asesoría Xurídica, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA. FASE II.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 04.10.17.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación ascende a un importe máximo de OITOCENTOS SETENTA E UN MIL CENTRO TRINTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (871.135,82 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 151.188,86 €.

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, para o ano 2017 da partida orzamentaria 1539.619.00.12 “MELLORA VIGO VERTICAL: 2º FASE HUMANIZACIÓN MARQUÉS DE VALTERRA” de acordo a modificación efectuada ao proxecto número 17153902. Este proxecto e susceptible de cofinanciarse polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun porcentaxe máximo do 80% - Proxecto EDUSI VIGO VERTICAL.

Ao ter a financiación carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2017: 440.000,00 €

2018: 431.135,02 €.

Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 97,99%.

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**23(1073).- DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A." CONTRA O ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL SOBRE RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO "PERI IV-09 BAIXADA A SAN ROQUE". EXPTE. 5032/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28/09/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o enxeñeiro técnico de obras públicas e xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Visto o recurso de reposición formulado pola entidade "Unión Fenosa Distribución, S.A", no seu propio nome e e/r de don Fernando Val López, interposto o 04.09.2017 na delegación provincial da oficina de correos en Pontevedra, e que tivo entrada nesta administración o 5.09.2017 (doc. 170120950), fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.06.2017 polo que se presta conformidade a acta da sesión asinada o 22 de maio de 2017 e se recibe as obras de urbanización do "PERI IV-09 Baixada a San Roque», emítese o seguinte informe con proposta de acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

ANTECEDENTES E FEITOS

Danse por reproducidos os antecedentes e a fundamentación xurídica contida no informe subscrito o 14.06.2017 polo Secretario da XMU, e a incluída no informe asinado polo xefe de urbanización e infraestruturas co conforme do Xerente desta XMU de data 22.05.2017, que serviron de base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar en data 29.06.2017, na que, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, acordouse *prestar conformidade á acta de cesión asinada o día 22.05.2017 e recibir as obras de urbanización do «PERI IV-09 Baixada a San Roque», segundo o proxecto de urbanización definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 17.09.2007, elaborado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e con visado do COAG dos días 24.02.2006 e 31.07.2006, de acordo co informe do 16.02.2017 do Xefe de Urbanización e Infraestruturas, comenzando dende a adopción deste acordo o prazo de garantía normativamente establecido. A recepción enténdese sen prexuízo das accións que asistan á Administración ou aos propietarios por danos derivados de vicios ocultos.*

O referido acto administrativo foi notificado a todos os interesados no procedemento significándolle que o mesmo puña fin a vía administrativa, e que fronte ao mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente.

Neste senso, e dentro do prazo legal conferido ao efecto, con data do 04.09.2017 interpúñase na delegación da oficina de correos de Pontevedra (con entrada nesta XMU o 05.09.2017- doc. 170120950) pola entidade "Unión Fenosa Distribución, SA", no seu nome e e/r de don Fernando Val López, o recurso de reposición amentado na cabeceira, a cuxo íntegro contido nos remitimos e, no que entre outras cuestións, basicamente alega o seguinte:

- Que a infraestrutura eléctrica do ámbito non está concluída, e que a mesma forma parte do proxecto de urbanización aprobado polo Concello.
- Que a recepción das obras de urbanización, se ten producido incumprindo o procedemento establecido na Instrución 1/2015.

- Asemade, solicita a suspensión da execución do acto impugnado de conformidade co previsto no artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

I. Normativa examinada

- RD Lex. 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e regulamentos de aplicación. LSG,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia,
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,
- R.D.Lex. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público,
- R.D.1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Admóns. Públicas,
- R.D.817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento parcial da LCSP,
- Instrución 1/2015 pola que se modifica a Instrución 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.-A lexitimación para interpoñer o recurso de reposición correspóndelle en materia de urbanismo aos que posúan a condición de interesado en base ao sinalado no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e asemade a calquera persoa, ao abeiro da acción pública regulada no RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana e, na disposición adicional cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en diante LSG. No expediente axuizado e en canto a admisión do recurso presentado queda constatada e acreditada a condición de interesado do recorrente.

III.- O prazo para interpoñer o recurso potestativo de reposición consonte co sinalado no artigo 124 da LPACAP é de 1 mes, dende a notificación ou dende a publicación do acordo aprobatorio.

Neste senso, tendo data de entrada o recurso de reposición na delegación da oficina provincial de correos en Pontevedra o 04.09.2017 (con entrada no rexistro xeral desta XMU o 05.09.2017- doc. 170120950-) encóntrase dentro do prazo positivizado pola normativa para a presentación do mesmo.

Xa que logo, admítese a trámite a interposición do mesmo, posto que cumpre con todos os requisitos de tempo e forma esixidos polos artigos 123 e 124 da LPACAP.

IV.- Danse por reproducimos os fundamentos xurídicos contidos no acordo da Xunta de Goberno Local do 29.06.2017, polo que se presta conformidade á acta de cesión asinada o día 22.05.2017 e se recibían as obras de urbanización do «PERI IV-09 Baixada a San Roque», segundo o proxecto de urbanización definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 17.09.2007, elaborado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e con visado do COAG dos días 24.02.2006 e 31.07.2006, de acordo co informe do 16.02.2017 do Xefe de Urbanización e Infraestruturas.

V.- Tráese a colación os informes subscritos polo enxeñeiro técnico de obras publicas de datas 07.07.2016 e 23.01.2017, a cuxo contido nos remitimos integramente, e o informe do xefe de urbanización e infraestruturas do 16.02.2017, que serviu de base ao acordo que neste intre é obxecto de impugnación, que se incorporan ao texto do presente e que lle serve de motivación, consonte ao establecido no art. 88.5 da LPACAP, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e no que se conclúe que,
*"(...) Está reiteradamente acreditada la finalización de las obras de urbanización y su puesta en funcionamiento, tanto por los informes de OSPIO, de la Gerencia de Urbanismo y de los escritos presentados por la Junta de Compensación, a excepción de las unidades eléctricas.*
*Como he indicado con anterioridad, dichas unidades eléctricas solo tiene sentido su ejecución material en el momento de la construcción de los edificios donde se alojaran los transformadores, para los que se precisan, y nunca antes por innecesarias e inútiles.*
*Cuestión distinta es la repercusión que, dentro de las cuentas económicas de la Junta de Compensación, tenga una variación del presupuesto incluido en el Proyecto de Urbanización, pero que en todo caso tendrán el mismo tratamiento que las que se hayan producido con la lógica dinámica que toda urbanización lleva pareja.*
*Es por tanto técnicamente asumible proceder a la recepción solicitada por la Junta de Compensación de las obras de urbanización del PERI IV Bajada a San Roque, por asumir que las mismas han alcanzado el mismo nivel de ejecución que el resto de las que desarrollan similares operaciones urbanísticas en desarrollo del planeamiento general (...)"*

VI.- Cómpre precisar, a maior abastamento que, e tal e como xa consta en reiterados informes da oficina de planeamento e xestión, a decisión da recepción das obras de urbanización **é marcadamente técnica,** pois a verificación da conformidade das obras de urbanización co proxecto aprobado corresponde á OSPIO e ao Servizo de Urbanización e Infraestruturas e, no senso exposto, o Xefe de Urbanización e Infraestruturas expuxo a súa conformidade á recepción mediante o amentado informe subscrito en data 16.02.2017.

Para a recepción das obras de urbanización deberá acreditarse que estas se atopan rematadas e en bo estado e que son conformes co proxecto aprobado, **atopándonos ante comprobacións exclusivamente técnicas,** polo que debido a tal carácter non procede formular ningunha observación xurídica.

VII.- A Lei 4/1999 de modificacións da lei 30/1992, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, reintroduciu o recurso de reposición no noso ordenamento xurídico, de carácter potestativo no seu art. 116 , hoxe artigo 123 da LPACAP. O recurso de reposición resolverase polo mesmo órgano que ditou o acto recorrido, que pode confirmar o acto, desestimando o recurso, ou revocalo total ou parcialmente mediante un acto contrario imperio.

VIII.- A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL a proposta do Consello da XMU.

**PROPOSTA**

Por canto antecede e de conformidade cos informes que constan incorporados ao expediente de datas 07.07.2016 e 23.01.2017 do enxeñeiro técnico de obras publicas, e o informe do xefe de urbanización e infraestruturas do 16.02.2017, que se incorporan ao texto da presente e lle serve de fundamento ao abeiro do establecido no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, proponse a Xunta de Goberno Local, se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Desestimar expresamente o recurso de reposición interposto pola entidade "Unión Fenosa Distribución, S.A", no seu nome e e/r de don Fernando Val López, o 04.09.2017 na delegación provincial da oficina de correos en Pontevedra, e que tivo entrada nesta administración o 05.09.2017 (doc. 170120950), fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.06.2017 polo que se presta conformidade a acta da sesión asinada o 22 de maio de 2017 e se acorda recibir as obras de urbanización do «PERI IV-09 Baixada a San Roque», segundo o proxecto de urbanización definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 17.09.2007, elaborado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e con visado do COAG dos días 24.02.2006 e 31.07.2006, de acordo co informe do 16.02.2017 do Xefe de Urbanización e Infraestruturas.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao recorrente, e aos demais interesados no procedemento, con ofrecemento do réxime de recursos procedentes.

Con data 5/10/17, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, adopta o seguinte acordo: "O Consello, por unanimidade acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución".

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**24(1074).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e corenta minutos Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE,
David Regades Fernández.